



PROXECTO EDUCATIVO

CEIP PLURILINGÜE DE OUTES

A sociedade transfórmase, e a medida que xurden novos ideais de vida, a escola debe modificar as súas tendencias para adaptarse ás necesidades do presente e ás que se debuxan nos horizontes do porvir.

Rosa Sensat



ÍNDICE

Presentación.....	2
Contextualización.....	3
Marco lexislativo.....	11
Sinais de identidade.....	13
Obxectivos.....	15
1. En relación ao alumnado.....	15
2. En relación ao profesorado.....	23
3. En relación ao centro.....	30
4. En relación á comunidade educativa.....	34
Metodoloxía.....	36
Abordaxe das competencias.....	42
Cultura avaliativa.....	59
Organización e coordinación.....	67
Propostas de mellora.....	72
Lexislación educativa.....	73
Bibliografía.....	75

Presentación

Na actualidade o noso centro ten a necesidade de redactar un Proxecto Educativo (PE) no cal se establezan unhas liñas educativas claras e consensuadas que axuden a dar coherencia e estabilidade a nosa labor docente. Desta forma preténdese revisar e actualizar a documentación que recolle aspectos fundamentais no ámbito metodolóxico.

Dende hai tres cursos académicos, atopámonos nunha situación na que o profesorado definitivo no centro, que é maioría, busca un cambio a nivel metodolóxico procurando introducir accións encamiñadas a que o proceso de ensinanza aprendizaxe sexa máis efectivo, produtivo e satisfactorio. É por iso que se fai necesario recoller por escrito as bases nas que se sustentará o estilo educativo do centro.

O PE é un documento de xestión e referencia no que se recollen os obxectivos, os valores e liñas de actuación tendo en conta a diversidade e necesidades do alumnado así como o contexto no que se atopa o centro. Este documento elaborado polo Claustro, aprobado polo Consello Escolar e pola Inspección Educativa, concreta a identidade do centro e servirá como base para a elaboración das programacións así como dos distintos plans e proxectos.

A comunidade educativa ten a responsabilidade de coñecer este documento, no cal se reflicte a intención de cambio cara a innovación educativa. Englóbase nesta ás familias, ao alumnado e ás docentes que serán responsables de fomentar o compromiso que busca construír unha comunidade educativa comprometida coa innovación e o desenvolvemento íntegro do alumnado.

A que preguntas daremos resposta neste PE?

- Como se traballa co alumnado no centro?
- Que espazos de aprendizaxe podemos atopar?
- Que importancia se lle da á educación en valores?

- Cal é o nivel de implicación do profesorado?
- Como participa a comunidade educativa no funcionamento do centro?
- Cal é a nosa cultura avaliativa?

Contextualización

O CEIP Plurilingüe de Outes atópase no concello de Outes situado na costa occidental da provincia de A Coruña no fondo da ría de Muros e Noia, lindando con Noia e o río Tambre ao sur, Negreira ao este, Mazaricos ao norte e Muros ao oeste. Na súa superficie de case 100 km² alberga unha poboación de 6.108 habitantes (segundo o padrón de habitantes de 2022, INE) distribuídos en 153 localidades moi dispersas entre sí e agrupadas en 10 parroquias. A Serra de Outes é a súa capital e a localidade máis poboada con arredor de 2400 habitantes.

As súas parroquias son San Tirso de Cando, Santa María de Entíns, O Freixo de Sabardes, San Lourenzo de Matasueiro, San Pedro de Outes, San Xoán de Roo, San Cosme de Outeiro, Santo Ourente de Entíns, San Xián de Tarás e San Miguel de Valadares.



O concello caracterízase pola conxunción entre monte e costa. Posúe unha orografía particular das zonas de altos cumios no seu interior, fronte a zonas costeiras de praia e suaves vales, a escasos metros do nivel do mar.

O desenvolvemento económico do concello baséase na agricultura, gandería, pesca e marisqueo, así como no comercio e na industria madeireira. O nivel de actividade económica da contorna pódese considerar medio-baixo. Constatándose un progresivo aumento do sector servizos e da construción, fronte á diminución do sector primario e con elevados índices de desemprego xuvenil.

O reparto da actividade económica na zona é aproximadamente como segue:

Agricultura e gandería	10,6%
Industria (fundamentalmente madeireira)	13,9%
Construción	20,3%
Pesca e marisqueo	23%
Servizos	32%

A poboación na súa maioría é galego falante. Nas familias do alumnado a comunicación realízase fundamentalmente en galego.

O colexio sitúase na capital do concello, á beira do Río Tines, na rúa Praza de Galicia. Ademais do alumnado da Serra e das parroquias do concello ao centro acoden crianzas dos lugares de Couso (Negreira) e Fontemourente (Mazaricos).

Os servizos que atopamos no concello son:

- Escola Educación Infantil municipal.
- Espazos de Familias.
- O IES Poeta Añón ao que está adscrito o nos centro.

- Servizos sociais: CIM, un dos seus programas é o Outes Concilia con servizo de madrugadores no centro educativo.
- Casa da cultura, onde se atopa a biblioteca municipal, un salón de actos e onde se imparten as clases de reforzo organizadas polo concello.
- Centro social.
- Centro de saúde.
- Pavillón de deportes
- Campo de fútbol.
- Centro de día para a terceira idade.
- Policía Local.
- Cuartel da Garda Civil.
- Xulgado.
- Numerosas asociacións de veciños e culturais.
- ADISBISMUR, centro ocupacional e centro de día para persoas con discapacidade da comarca.

Profesorado:


O 75% do profesorado é definitivo e cobre todas as especialidades do centro.

Instalacións e servizos:


O centro consta de tres edificios (o edificio de administración, o edificio principal e o edificio anexo), un ximnasio, un patio cuberto e tres patios para primaria e un para infantil.

No **edificio de administración** atópase a dirección, a xefatura de estudos, a secretaría, o departamento de orientación, unha sala de reunións, a sala de descanso, a conserxería, un arquivo anexo á conserxería, dous almacéns e dous baños.


EDIFICIO ADMINISTRATIVO




Na planta baixa do **edificio principal** atópanse as aulas de Educación Infantil, a aula de música, a cociña e os seus anexos, o comedor, 6 baños, un deles destinado a sala de cambios para o alumnado que necesite cambiar de muda.




Na primeira planta do edificio principal atópanse as 11 aulas de Educación Primaria, 2 de inglés, 1 aula de Audición e Linguaxe e de Pedagogía Terapéutica, 1 aula taller, 1 aula de dobre para relixión ou valores, o Tecno laboratorio, varios almacéns (material didáctico, TICs e de limpeza), unha titoría para relixión e catro aseos.




Na planta baixa do edificio da autónoma está a biblioteca.




Na primeira planta do edificio da autónoma atópase unha dependencia asignada á ANPA, dous aseos e catro aulas: dúas estinadas ao servizo de madrugadores e tardes divertidas do programa OUTES CONCILIA do concello; as outras dúas destinadas ás actividades extraescolares da ANPA.



No edificio do **ximnasio** atopase unha cancha, tres vestiarios cos seus aseos, dous almacéns e unha sala de caldeiras.



Ademais contamos cunha cancha exterior, un patio cuberto e o patio exterior.



O noso centro dispón ademais de servizos de conciliación como son o “Servizo de Madrugadores” organizado polo Concello de Outes e o de Biblioteca de 16:00 a 18:00 atendido por profesorado e persoal do Concello (luns).

Tamén temos comedor de xestión directa, que ademais de cumprir co seu papel de facilitador da conciliación para as familias ten carácter educativo. O seu papel vai máis alá de proporcionar unha comida ao alumnado, trátase dun entorno propicio para pór en práctica un modelo de alimentación equilibrada. A través dunha selección de alimentos saudables bríndaselles a oportunidade de aprender sobre os beneficios dunha dieta balanceada e de como isto inflúe no benestar físico e emocional. Coñecedoras da importancia de ofrecer un menú equilibrado, como así o reflectían os informes existentes, e adaptado tanto as necesidades do alumnado

como as dietas especiais (celiaquía, intolerancias...) decidiuse, hai dous cursos, contratar a unha nutricionista que abalara a calidade do servizo, .

Ademais nesta liña o centro ofrecerá as merendas de media mañá co obxectivo de reducir disparidades no acceso a unha alimentación equilibrada, sendo unha oportunidade para probar alimentos variados e nutritivos que poden non estar dispoñibles en todos os fogares. Isto contribúe a ampliar os horizontes alimentarios educando sobre opcións saudables.

Marco lexislativo

A lexislación educativa a nivel internacional ven definida polas Nacións Unidas no United Nations Educational, Scientific and Cultural Organization (2011). UNESCO ICT competency framework for teachers.

Isto concrétase a nivel estatal a través das diferentes leis educativas que a continuación se detallan: Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación; Real Decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil; o Real Decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria; Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (CAG); Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na CAG e os respectivos Proxectos e Ordes que desenvolven os Decretos anteriores.

Nestas leis establécense o “conxunto de obxectivos, competencias, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas.” Ademais sinala que “o currículo irá orientado a facilitar o desenvolvemento educativo dos alumnos e alumnas, garantindo a súa formación integral, contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e preparándoos para o exercicio pleno dos dereitos humanos, dunha cidadanía activa e democrática na sociedade actual.”

Tamén sinalan que “O ensino básico persegue un dobre obxectivo de formación persoal e de socialización, integrando de forma equilibrada todas as dimensións. Debe procurar ao alumnado os coñecementos e competencias indispensables para o seu desenvolvemento persoal, para resolver situacións e problemas dos distintos ámbitos da vida, crear novas oportunidades de mellora, así como para desenvolver a súa socialización, lograr a continuidade do seu itinerario formativo e inserirse e participar activamente na sociedade en que vivirán e no coidado do contorno natural e do planeta”.

O disposto nestas leis estatais concrétase a nivel autonómico de Galicia nos Decretos e Ordes mencionados con anterioridade. Nestes establécense os contidos prescriptivos que deben abordarse ao longo das etapas de Educación Infantil e Primaria.

En base a toda esta lexislación o profesorado elabora as programacións didácticas e a Programación Xeral Anual que recolle as programacións dos distintos equipos que coordinan as actividades que se levarán a cabo no centro.

Estes documentos están sometidos aos mecanismos de control que establece a lexislación. Por un lado as programacións didácticas son revisadas e aprobadas por Inspección Educativa, que tamén realiza un seguimento das mesmas ao longo do curso escolar. Por outro lado, a Programación Xeral Anual é aprobada polo Consello Escolar do Centro ao comezo de cada curso.

Dito todo isto, os contidos mínimos obrigatorios están recollidos nas programacións didácticas e na Programación Xeral Anual, aprobadas ao principio de curso e co seguimento á orde do día.

Sinais de identidade

RESPECTO Á INFANCIA

Comenzando por respetarse a sí mesmos, para logo respectar aos demais e ao entorno. Este respecto ten que englobar tanto ao grupo de crianzas como as persoas adultas, dado que o respecto non se impón, se conquista educando dende o cariño e a firmeza. Polo cal, levaremos a cabo un acompañamento adaptado aos diferentes ritmos, estilos de aprendizaxe e aos seus intereses.

EDUCACIÓN INCLUSIVA

Respectando as crianzas tal e como son, sen discriminacións de ningún tipo, vendo a diversidade como un aspecto enriquecedor e positivo para toda a comunidade educativa.

COMPENSADORA DE DESIGUALDADES

A escola pública ten o deber de proporcionar un espazo seguro e garantir un proceso de ensinanza aprendizaxe respectuoso, independentemente da súa orixe socioeconómica, raza, xénero ou outras características persoais.

ESCOLA DO COIDADADO

Unha escola que sabe escoitar, previr, detectar e responder a calquera tipo de violencia, así como promover o bo trato e o benestar da comunidade educativa. Unha escola na que tódalas emocións serán validadas e acompañadas, e na que se fomente a reflexión en torno ás estratexias precisas para poder xestionalas. Dende a neurociencia demóstrase que as emocións son imprescindibles nos procesos de razoamento e toma de decisións, constitúen a base da curiosidade e da atención e, en definitiva, son determinantes nos procesos de aprendizaxe.

“Sen emoción non hai aprendizaxe” (Francisco Mora)

CREAR COMUNIDADE

Tendo en conta que a familia é un pilar fundamental onde se xeran e desenvolven os principais aspectos relacionados coa educación é necesaria unha colaboración e participación activa entre familia e escola, tendo como principal obxectivo o correcto desenvolvemento das crianzas.

Buscamos unha escola aberta ás familias, para o que proporemos diferentes actividades e propostas.

ESCOLA DEMOCRÁTICA

Desenvolver capacidades e habilidades para a convivencia social, a solidariedade, a participación e o respecto, debido ao aumento de valores relacionados co individualismo e a competitividade na nosa sociedade.

Fomentamos prácticas participativas como o consello da infancia, as asembleas e outros órganos de toma de decisións do alumnado.

FORMACIÓN CONTINUA

Entendemos a función docente como algo en continua evolución que debe atender as necesidades do alumnado, por iso somos un claustro concienciado na necesidade dunha formación continua e da revisión da práctica educativa cotiá.

AUTONOMÍA

Acompañamos ás crianzas para que poidan desenvolver todo o seu potencial, promovendo a reflexión coa finalidade de que vaian adquirindo os mecanismos necesarios para desfrutar dos seus logros, construír unha autoestima positiva ou afrontar dificultades e frustracións dun xeito saudable.

Por iso establecemos normas e límites (poucas, claras e consensuadas), que axudan a lograr unha convivencia máis organizada que potencia a liberdade das persoas para ser, facer e moverse con seguridade.

“Calquera axuda innecesaria é un obstáculo para o desenvolvemento” María Montessori

ESPAZOS DE APRENDIZAXE

Promovemos ambientes inclusivos, en espazos tanto interiores como exteriores, preparados para atender a idiosincrasia e favorecer as capacidades e competencias do noso alumnado. Os espazos de aprendizaxe van moito máis alá da aula e inclúen corredores, patios e espazos culturais e naturais da contorna.

APRENDIZAXE ACTIVA

As aprendizaxes que mellor se afianzan son aquelas que xorden dende a curiosidade e o propio interese, a través dunha metodoloxía baseada na investigación, nas propias experiencias e na acción.

Obxectivos

As finalidades educativas deben ter en conta as etapas individuais de desenvolvemento do alumnado e as características da comunidade na que se atopa. É por iso que se desenvolven os seguintes obxectivos:

1. En relación ao alumnado

1.1. A autonomía

Favorecer o desenvolvemento aptitudinal e emocional do alumnado para xestionar de forma autónoma diferentes situacións da vida.

Argumentación:

A **autonomía** do alumnado é un aspecto fundamental no proceso educativo, xa que lles permite desenvolver habilidades para tomar decisións e asumir responsabilidades de forma independente. Porén, a autonomía non se limita

únicamente ao ámbito académico, senón que tamén ten un impacto significativo na situación emocional do alumnado.

A mellora da autonomía do alumnado proporciónalles control sobre a súa propia aprendizaxe. Esta fortalece a confianza en si mesmas e axúdalles a manter unha actitude positiva e fomenta o desenvolvemento de habilidades sociais e emocionais. Estas habilidades son esenciais para o desenvolvemento persoal e permítelles establecer relacións saudables.

É importante destacar que a autonomía do alumnado non implica abandonalos á súa sorte, senón máis ben brindarlles o apoio e a guía necesarios para que poidan tomar decisións informadas. O profesorado desempeña un papel crucial neste sentido, proporcionando un entorno seguro onde o estudantado poida explorar e aprender das súas propias experiencias. Ao mesmo tempo, as docentes poden promover a autonomía brindando retroalimentación construtiva e fomentando a reflexión sobre as decisións tomadas.

Como resultado, o alumnado estará mellor preparado para afrontar os desafíos da vida e gozar dunha situación emocional positiva e equilibrada.

Accións:

- Adecuar os tempos para a resolución de pequenas tarefas e responsabilidades do día a día.
- Propoñer novos retos que o fagan medrar e gozar da conquista de novas habilidades, como por exemplo, a xestión do composteiro ou as responsabilidades como encargadas de biblioteca, entre outras.
- Favorecer a comunicación coas familias para determinar posibles accións para a mellora da autonomía das súas fillas e fillos.
- Instaurar dinámicas de aula nas que poñan nome as emocións, poidan comprendelas e regulalas, como a benvida da mañá, os momentos de faladoiro ou a resolución de conflitos.

- Integrar na vida cotiá do alumnado o coñecemento de principios, valores e estratexias de regulación emocional desenvolvendo a capacidade de asumir os seus deberes, defender os seus dereitos e acadar o seu propio benestar emocional.

1.2. A escola democrática, diversa e feminista

Experimentar formas de participación activa e democrática por parte do alumnado.

Argumentación:

A necesidade dunha escola participativa e cunha visión feminista e diversa radica en promover unha educación inclusiva e equitativa. Isto permite que o estudantado desenvolva habilidades de expresión e argumentación, fortalecendo o seu pensamento crítico e comunicación asertiva. Ademais, fomenta a igualdade de xénero e desafia os estereotipos, creando un ambiente de respecto e tolerancia cara todas as identidades. Así mesmo, contribúe a formar persoas comprometidas coa xustiza social, a promover o diálogo construtivo e a conciencia social.

En conclusión, unha escola participativa cunha visión feminista e diversa é fundamental para unha educación inclusiva, equitativa e transformadora.

Accións:

- Participar na toma de decisións do centro a través do órgano do Consello da Infancia.
- Propoñer e revisar zonas do patio con propostas de xogo adaptado e non sexista.
- Realizar propostas de traballo en grupos interetapas heteroxéneos con intereses comúns (proxectos, voluntariado na biblioteca escolar, obradoiros interxeracionais...)

- Fomentar unha linguaxe inclusiva e que respecte a diversidade e expresión de xénero.

1.3. O espírito crítico

Fomentar a curiosidade e desenvolver a capacidade intelectual e moral, e o criterio propio, para a toma de decisións responsable e fundamentada.

Argumentación:

No actual panorama educativo é fundamental fomentar no alumnado a capacidade de ser crítico coa aprendizaxe, afastándose da mera reprodución memorística de contidos carentes de relevancia. Ademais, é necesario adaptar os contidos ás necesidades e demandas do momento actual, seguindo o enfoque de aprendizaxe por competencias establecido nas diferentes leis educativas.

A aprendizaxe meramente memorística limita a capacidade do alumnado para desenvolver habilidades de pensamento crítico e reflexivo. Ao promover a crítica, o estudantado aprende a cuestionar, analizar e avaliar a información que se lles presenta. Isto permite comprender os conceptos máis profundamente, aplicalos en situacións reais e formular ideas propias. A capacidade de ser crítico non só enriquece o seu proceso de aprendizaxe, senón que tamén as prepara para afrontar os desafíos do mundo actual, onde a información é abundante e o pensamento independente é valorado. Os contidos que carecen de relevancia para a vida cotiá tenden a ser esquecidos con facilidade unha vez rematada a etapa educativa. É esencial que os contidos se conecten coa realidade actual e sexan aplicables en diferentes contextos. Desta maneira, o alumnado comprende a importancia do que está aprendendo e relaciónao coa súa contorna, o que promove unha aprendizaxe significativa e duradeira.

Accións:

- Participar en actividades e propostas de xeito autónomo guiándose polos seus gustos e intereses, dentro dun ambiente estruturado e preparado que estimule a súa aprendizaxe.
- Promover dinámicas nas que se empreguen habilidades de pensamento que faciliten a toma de decisións baixo o seu propio criterio.
- Posibilitar o acceso a diferentes fontes informativas e promover estratexias vinculadas á alfabetización informacional e mediática.

1.4. Autoconhecimento e autoconceito

Coñecernos a nos mesmas é adquirir diferentes ferramentas que nos permitan valorar as nosas habilidades e fortalezas, descubrir os nosos límites, para poder mellorar, xerando unha autoimaxe positiva e real que permita desenvolver as nosas potencialidades.

Argumentación:

O autoconhecimento e o autoconceito son aspectos fundamentais no desenvolvemento integral do alumnado. Estes conceptos refírense a capacidade das crianzas para coñecerse a si mesmas, comprender as súas propias características, habilidades, emocións e valorarse de maneira positiva.

O autoconhecimento permite ao alumnado comprenderse a nivel emocional. Recoñecendo as súas emocións poderán identificar e xestionar diferentes situacións de maneira máis efectiva, o que favorecerá un ambiente escolar positivo e propicio para a aprendizaxe.

Por outra banda, o autoconceito inflúe directamente na confianza e autoestima das crianzas. Cando o alumnado ten un coñecemento claro e

realista das súas propias habilidades e fortalezas, síntese máis seguro de si mesmo e está disposto a asumir novos retos. Isto é fundamental para construír unha autoimaxe sólida e establecer unha identidade positiva.

Accións:

- Fomentar obradoiros e outras actividades sobre saúde mental.
- Promover a reflexión sobre as súas habilidades incidindo nas fortalezas.
- Dotar de ferramentas que lle permitan recoñecer e aproveitar as súas destrezas, ao mesmo tempo que identifican aspectos nos que poden mellorar, promovendo a busca constante da superación personal.


1.5. A xestión emocional na resolución de conflitos

Fomentar un clima escolar saudable abordando os conflitos dende unha perspectiva construtiva, restaurativa e respetuosa, promovendo a xestión emocional a través do diálogo, e sendo as docentes modelo de resolución.

Argumentación:

A xestión emocional xoga un papel fundamental na resolución de conflitos na escola. Os conflitos son unha realidade inevitable en todo contexto humano e, polo tanto, os centros educativos non son unha excepción. Porén, a forma na que se tratan e se xestionan pode marcar unha gran diferenza no clima e na convivencia dentro do centro educativo.

Imaxe adaptada. <https://sites.google.com/view/lescala-de-provencio/castellano> (web accedida 04/06/2023)



En primeiro lugar, é importante destacar que o profesorado debe ser modelo en canto á xestión emocional se refire. O alumnado aprende de maneira implícita e explícita, observando as actitudes e comportamentos das adultas que o rodean. Isto axúdalles a identificar e regular as súas propias emocións, o cal é fundamental para abordar os conflitos de maneira construtiva.

Neste sentido, as prácticas restaurativas son unha ferramenta valiosa. Estas prácticas baséanse no diálogo, o respecto e a empatía, e promoven a participación activa de todas as partes involucradas na resolución do conflito. Ao empregar este enfoque, créase un espazo seguro onde as estudantes poden expresar as súas emocións e opinións, mentres que se fomenta o entendemento mutuo e a busca de solucións consensuadas.

Por outro lado, a "Escaleira de Provención" proposta por J. Burton tamén destaca a importancia da xestión emocional na resolución de conflitos. Esta escaleira ten como obxectivo previr a escalada dos conflitos, abordándoos nas súas etapas iniciais, cando aínda son manexables. A xestión emocional permite ao profesorado identificar as sinais temperás dun conflito e actuar de maneira proactiva, evitando que este se agrave.

En conclusión, promover a xestión emocional na resolución de conflitos contribúe a un clima escolar saudable e fomenta habilidades sociais e emocionais que serán valiosas ao longo da vida do alumnado.

Accións:

- Servir como modelo amosando unha actitude de respecto cara o alumnado e utilizar un tono amable na resolución de conflitos.
- Favorecer tempos de participación no día a día para a xestión de conflitos e preocupacións do alumnado: asemblea.
- Intervir en conflitos a través de preguntas restaurativas.
- Realizar actividades no centro seguindo o modelo da escaleira da provención.

1.6. Aprendizaxe

Entender a aprendizaxe como o proceso polo que o alumnado adquire unha educación intelectual e moral que lle vai permitir unha comprensión da contorna e unha perspectiva crítica da sociedade.

Argumentación: O artigo 26.2 da declaración dos dereitos da humanidade di: "A educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana e o fortalecemento do respecto aos dereitos humanos e ás liberdades fundamentais; favorecerá a comprensión, a tolerancia e a amizade entre todas as nacións e todos os grupos étnicos ou relixiosos; e promoverá o

desenvolvemento das actividades das Nacións Unidas para o mantemento da paz”.

A escola pública ten inherente unha función subversiva fronte as desigualdades sociais e debe ser empoderadora e alentadora da verdade, do saber, da razón e da ética.

Accións:

- Desenvolver a comprensión: favorecendo o equilibrio entre as estruturas existentes (coñecementos previos) e as que se van xerar (coñecementos novos).
- Expoñer ao alumnado a contidos susceptibles de dar lugar á construcións de significados.
- Crear experiencias contextualizadas nas que participe activamente para acadar a aprendizaxe significativa.
- Organizar espazos e tempos para implementar a *libre circulación* en todo o centro.
- Ter presentes os intereses do alumnado.
- Partir de situacións contextualizadas na vida diaria.

2. En relación ao profesorado

2.1. Profesorado como guía e acompañante

Facilitar e acompañar procesos e experiencias de aprendizaxe significativa e emocionalmente positivas.

Argumentación:

A individualización da ensinanza é unha valiosa ferramenta que promove o respecto ao proceso educativo de cada alumna e alumno e achega o currículo educativo a través da aprendizaxe significativa. Cando os contidos

se presentan de maneira relevante e conectada cos intereses e experiencias do alumnado, facilítase a comprensión da información.

Recoñecer e valorar as diferenzas individuais, habilidades, intereses e ritmos de aprendizaxe implica considerar as fortalezas e necesidades particulares. Cada alumna e alumno ten un potencial único que merece ser atendido de maneira personalizada. Ao adaptar o proceso educativo ás características individuais foméntase a súa autoestima e confianza, o que resulta fundamental para o seu desenvolvemento integral.

Deste xeito, facilítase a oportunidade de avanzar ao ritmo que cada alumna e alumno necesite, o que favorece unha aprendizaxe máis gratificante.

Outro dos aspectos positivos da individualización da ensinanza é que fomenta a autonomía e a responsabilidade no alumnado. Ao permitirlles tomar decisións sobre o seu propio proceso educativo, promóvese a súa capacidade para autorregularse e desenvolver habilidades de pensamento crítico. Isto contribúe a formar individuos autónomos, capaces de aprender ao longo da súa vida e de adaptarse aos cambios.

Ao recoñecer as diferenzas individuais e promover a autonomía, créase un ambiente propicio para o crecemento e desenvolvemento integral de cada crianza. Isto conduce a unha aprendizaxe máis profunda, gratificante e duradeira.

Accións:

- Facilitar espazos e propostas educativas adaptadas ás capacidades e intereses do alumnado.
- Acompañar ao profesorado que o necesite por parte do resto do claustro.
- Flexibilizar e organizar as áreas e os tempos de traballo.
- Adaptar os momentos educativos ás necesidades emocionais do alumnado.

2.2. A situación persoal do alumnado

Coñecer as situacións individuais do alumnado tomando as medidas necesarias para o seu benestar.

Argumentación:

En primeiro lugar, é importante recoñecer que cada crianza é única, con habilidades, intereses e necesidades diferentes. Por iso debemos ter en conta as individualidades do alumnado buscando o benestar educativo, emocional, persoal e social do mesmo a través do Deseño Universal da Aprendizaxe (DUA) e baixo unha perspectiva inclusiva de atención á diversidade para garantir un desenvolvemento integral e equitativo de todo o alumnado.

A inclusión e atención á diversidade son elementos esenciais neste enfoque. Cando se ten en conta o benestar emocional, persoal e social do alumnado, promóvese un ambiente educativo seguro e respectuoso no que todo o alumnado se sente valorado e aceptado.

Ao implementar estratexias inclusivas, o alumnado accede en igualdade de condicións para aprender. Isto implica utilizar diferentes enfoques, materiais, sistemas de avaliación flexibles e facilitar apoios individualizados cando sexa necesario.

Accións:

- Colaborar coas familias no proceso de aprendizaxe das súas fillas e fillos, e informalas e orientalas para acadar melloras no desenvolvemento do alumnado (resolución de conflitos, adquisición de autonomía, aspectos actitudinais...).
- Sensibilizar sobre a diversidade do alumnado proporcionándolles situacións nas que poidan poñer en práctica as distintas habilidades/capacidades e sentirse valorados e aceptados polas compañeiras e compañeiros e polo propio profesorado.
- Ter en conta a diversidade do alumnado no deseño e planificación docente adaptando a práctica educativa as súas individualidades.

2.3 Formación permanente

Participar activamente en actividades formativas que redunden nunha mellora da súa competencia docente.

Argumentación:

A formación permanente do profesorado ten un papel fundamental na mellora da competencia docente.

Nun mundo en constante evolución, onde os avances tecnolóxicos, os cambios sociais e novas investigacións pedagóxicas están en continuo desenvolvemento, resulta esencial que as docentes actualicen constantemente os seus coñecementos e habilidades para poder ofrecer unha educación de calidade.

Estes coñecementos actualizados permítenlle abordar de maneira máis efectiva os desafíos que xorden no proceso de ensino-aprendizaxe, adaptándose as necesidades e características das crianzas e implementando enfoques innovadores baseados en distintas liñas pedagóxicas.

Por outro lado, a formación permanente tamén fomenta o intercambio de experiencias entre o profesorado, que require dunha coordinación constante. Esta colaboración permite desenvolver novas ideas e mellorar as prácticas educativas, enriquecendo a liña metodolóxica do centro educativo no seu conxunto e proporcionando unha ensinanza máis efectiva, motivadora e adaptada ás necesidades individuais do alumnado, estimulando o interese pola aprendizaxe e favorecendo o seu desenvolvemento.

Accións:

- Participar nos diferentes Programas de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) así como noutras actividades formativas relacionadas coa liña metodolóxica de centro.
- Compartir as aprendizaxes adquiridas nas distintas formacións, implementalas e contrastalas co resto do profesorado.

2.4 Coordinación entre profesorado

Establecer canles de comunicación e participación que faciliten a actuación docente.

Argumentación:

A coordinación entre todo o profesorado do centro é de vital importancia para a mellora educativa e a implementación de novas dinámicas escolares.

Esta coordinación permite unha sinerxía entre as docentes, na que se comparten experiencias, recursos e estratexias pedagóxicas que enriquecen o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A colaboración entre o profesorado permítenos acordar os obxectivos educativos, establecer criterios comúns de avaliación e deseñar estratexias didácticas conxuntas que promovan a coherencia e continuidade do proceso educativo e garantan unha transición fluida e progresiva interetapas.

Ademais, é importante destacar o valioso traballo dos equipos de dinamización do centro, como o equipo de biblioteca, o de dinamización da lingua galega e o de actividades extraescolares, así como a comisión de convivencia. Estes equipos desempeñan un papel fundamental no enriquecemento do proceso educativo, realizando proxectos e propostas de actividades variadas que forman parte do día a día do noso centro e cumpren un papel fundamental dentro do proceso educativo do alumnado.

Accións:

- Facilitar a comunicación de maneira fluida e periódica entre os diferentes equipos e comisións de centro.
- Realizar reunións periódicas entre os equipos de nivel e de ciclo para consensuar e revisar liñas de actuación.
- Participar nas liñas de acción intercentro, nas distintas comisións e dinamizacións.
- Acordar a secuenciación de contidos entre o profesorado dos diferentes ciclos e etapas.

2.5. O proceso de avaliación

Entender que o concepto de avaliación, non é diferente do proceso de aprendizaxe senón intrínseco a este. Del forman parte o alumnado e o profesorado.

Argumentación:

A importancia de reflexionar sobre o labor que realizamos como educadoras radica na nosa responsabilidade de proporcionar unha educación de calidade, adaptada ás necesidades de cada nena e neno.

A práctica docente reflexiva implica examinar de maneira crítica as estratexias pedagóxicas, os métodos de ensino utilizados, así como a relación e o diálogo establecido co alumnado. Esta reflexión permite identificar qué aspectos funcionan de maneira efectiva e cales necesitan ser mellorados. Ao avaliar e analizar as nosas prácticas, podemos axustar e adaptar as nosas estratexias para asegurarnos de que estamos brindando unha educación de calidade e que o alumnado está obtendo os resultados desexados.

Así mesmo, a reflexión sobre as propostas presentadas ao alumnado é esencial para garantir que estean deseñadas de maneira efectiva e cumpran cos obxectivos de aprendizaxe. Isto permítenos realizar axustes e modificacións se for necesario.

Accións:

- Compartir e reflexionar en equipo sobre a práctica docente.
- Reflexionar e analizar as propostas educativas.

2.6. A información periódica ás familias

Informar as familias de maneira periódica sobre o proceso educativo das súas fillas e fillos.

Argumentación:

As reunións do profesorado coas familias desempeñan un papel fundamental no proceso educativo do alumnado, xa que proporcionan un espazo de comunicación aberto e directo entre todas as partes implicadas. Estas reunións periódicas son esenciais para informar ás familias sobre o proceso educativo das súas fillas e fillos, tanto a nivel individual como grupal brindándolle ás familias a oportunidade de expresar calquera inquedanza ou dúbida que poidan ter.

Tamén son importantes as reunións do profesorado coas familias do grupo. Durante estas reunións, abórdanse temas que afectan ao conxunto do grupo de alumnado, como o desenvolvemento de habilidades sociais, a dinámica da aula ou a implementación de estratexias educativas específicas. Estas reunións colectivas permiten establecer unha base sólida de colaboración entre profesorado e familias, fomentando a cohesión da comunidade, que redundará no beneficio das alumnas e alumnos.

As reunións periódicas do profesorado coas familias proporcionan un espazo propicio para expresar as súas dúbidas, inquedanzas ou preguntas relacionadas co proceso educativo. É normal que as familias teñan preguntas ou precisen aclaracións e, ao brindar unha canle de comunicación directa, promóvese a transparencia e foméntase a confianza mutua.

Accións:

- Convocar reunións periódicas coas familias.
- Realizar informes individualizados do alumnado.

2.7. A comunicación e respecto do profesorado

Empregar unha comunicación amable (non violenta) entre a comunidade educativa.

Argumentación:

No ámbito educativo, a calidade das interaccións entre o profesorado, o alumnado e as familias xoga un papel fundamental no proceso de ensino-aprendizaxe. O volume e o tono de voz empregado polo profesorado ten un impacto significativo no clima da aula, a resolución de conflitos e as relacións entre toda a comunidade. Neste sentido, é esencial que as docentes adopten un tono amable e un volume baixo nas súas comunicacións, especialmente en situacións conflitivas. Esta argumentación céntrase na necesidade de cultivar estas cualidades comunicativas para fomentar un entorno educativo positivo e propicio para o desenvolvemento integral do alumnado.

Accións:

- Ser modelo de actuación.
- Facilitar ferramentas sobre comunicación asertiva e non violenta.
- Reflexionar periódicamente sobre os procesos comunicativos.

3. En relación ao centro

3.1. Imaxe e identidade como centro

Poñer en valor o traballo realizado no centro como institución educativa e o seu rol na nosa contorna.

Argumentación:

Vemos a necesidade de resaltar que o centro educativo de Outes é unha institución cunha identidade propia mostrando coherencia entre as liñas

metodolóxicas deseñadas, consensuadas e especificadas no PE e a súa posta en práctica, así como o seu específico labor compensador de desigualdades sociais.

Accións:

- Seguir unha liña común no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Manter o Consello da Infancia para dar voz ao alumnado na toma de decisións de aspectos que afectan ao centro e ao seu funcionamento. Sentirnos parte.
- Organizar espazos e tempos para que o alumnado dispoña de momentos de libre circulación onde pode escoller tarefa e tempo de dedicación, responsabilizándose así da súa aprendizaxe e vinculándose de xeito motivador coa mesma, ao ter a posibilidade de elixir aquilo para o que se sente máis preparado en cada momento e fomentando un achegamento a contidos que inicialmente desbotan.
- Participar e aproveitar os recursos da contorna.
- Usar as canles institucionais para comunicarse coas familias.

3.2. Os ambientes do centro

Deseñar espazos e actividades multidisciplinares e internivel.

Argumentación:

Entendemos o espazo como un recurso educativo polivalente que favorece unha aprendizaxe activa, significativa, enriquecedora e motivante. Potenciamos as experiencias sensoriais e a interacción con gran variedade de materiais concretos, tanto estruturados como non estruturados, como parte esencial do proceso, para que máis adiante a crianzas cheguen á abstracción por si mesmas. Cantas máis experiencias teñan e canto máis ricas e variadas sexan, máis complexas e sólidas serán as súas aprendizaxes.

Ademáis, temos en conta as etapas de desenvolvemento, os estilos de aprendizaxe, as intelixencias múltiples e as distintas personalidades do noso alumnado.

Accións:

- Uso de corredores, aulas, talleres, laboratorio, biblioteca, ximnasio, zonas exteriores... como espazos de aprendizaxe, entendendo que as aulas non son o único lugar de transmisión de coñecemento; fomentando ao mesmo tempo o coidado e respecto polos mesmos).
- Diseñar e poñer en funcionamento ambientes en función dos contidos establecidos e das propias necesidades do alumnado das súas necesidades.
- Posta en valor e inclusión no proceso de aprendizaxe dos espazos da contorna.

3.3. Conciencia ecolóxica e a sustentabilidade.

“Favorecer o apego e relación das crianzas co medio natural, facernos conscientes dos ecosistemas nos que vivimos”

Argumentación:

Aumentar a sensibilización do coidado da natureza, para promover cidadás comprometidas cun estilo de vida sostible e cuns hábitos respetuosos co medioambiente.

Accións:

- Redución de plásticos (filtro de auga no comedor, botellas reutilizables, limpeza do entorno...).
- Reutilización dos residuos orgánicos das merendas para facer compost e poder así abonar as plantas e a horta da escola.
- Plantación de árbores e plantas comestibles.
- Iniciación á permacultura.

- Reutilización de materiais de refugallo como poden ser restos de madeira e outros elementos naturais para a realización dos bancais da horta ou como elementos de xogo nos patios.
- Apostar pola reciclaxe de pilas, papel,...e pola redución de gasto enerxético mediante a mellora dos espazos (tarima, aulas con máis luminosidade) e tamén da colocación de sensores de luz nas aulas.

3.4. Hábitos de vida activa e saudable.

Promocionar hábitos saudables entendendo que o centro debe promover e garantir un mínimo de actividade física, alimentación equilibrada e benestar emocional.

Argumentación:

Comprobamos como unha mellora no recoñecemento persoal da necesidade de manter hábitos saudables tanto a nivel físico como emocional repercute en como as nenas e nenos se mostran na escola, na súa atención, compromiso e implicación coas tarefas, relacións...e isto repercute na nunha baixada do nivel de conflictividade.

O alumnado está implicado na toma de decisións do centro, en concreto, a súa opinión é tida en conta o que lles fai percibir que son parte do mesmo. Isto tradúcese nun maior compromiso nun maior compromiso coa convivencia e o coidado dos espazos e materiais do centro.

Accións:

- Menú e merendas equilibradas co asesoramento de profesionais.
- Patios activos, “a milla”, andainas pola contorna, participación en diferentes proxectos da Consellería (XOGADE, aliméntate ben...).
- Apertura do ximnasio durante o recreo para promover actividade deportiva.
- Xornadas de formación para a alumnado e familia sobre alimentación.
- Realización de andainas para coñecer a nosa contorna

- Reestructuración do patio para diversificar as posibilidades e invitar á realización doutras actividades material construción, árbores para poder trepar, espazo de patíns...
- Organización de actividades coa Piscina Municipal, actividades ecuestres....

4. En relación á comunidade educativa

Formar redes entre a comunidade educativa

Argumentación:

A comunidade educativa dun centro escolar está composta polo profesorado, o alumnado, as súas familias, as administracións educativas e a sociedade na que está inmersa o centro escolar; quen recibe influencia principalmente de distintas entidades e asociacións que existen no Concello de Outes e tamén nos limítrofes, que teñen carácter educativo, incluso e/ou social, e traballan na mesma dirección para lograr unha educación integral do noso alumnado.

Tanto o tempo que o alumnado está nestas entidades fóra da escola, coma cando estas visitan as nosas instalacións, serve de aprendizaxe para o alumnado, polo que é de vital importancia manter e fortalecer lazos con estas entidades para transmitir o modelo educativo que se propón neste documento, e que se vexa reforzado no exterior mediante unha comunicación fluída e participativa.

A comunicación coas persoas que cohabitan no centro educativo (persoal docente, alumnado e persoal non docente) farase de xeito presencial ou ben a través da citación nos distintos órganos creados como son o Claustro, o Consello Escolar e o Consello da Infancia.

Con vistas a ter unha comunicación fluída, esta realizarase polas seguintes canles: presencialmente, aplicacións educativas de comunicación

(ABALAR), por teléfono, por correo electrónico e video-chamada.

Os distintos entes que teñen influencia sobre o centro educativo son:

- Familias.
- Asociacións de Pais e Nais.
- IES Poeta Añón.
- Ministerio de Educación, Consellería de Educación e Diputacións.
- Concello de Outes e outros concellos.
- Asociacións Deportivas, Culturais e Sociais do Concello de Outes sen ánimo de lucro.
- Empresas Deportivas, Culturais e Sociais do Concello de Outes.
- Outros centros educativos.
- Asociacións de fóra do Concello, tanto con ánimo de lucro coma sen el.

Accións: Os puntos que nos guiarán para poder establecer unha comunicación fluída e participativa son:

- Permitir, de forma continua, que as familias poidan observar, participar e contribuír ao traballo e actividades que se realizan dentro do centro (aula, patios, libre circulación, biblioteca...)
- Potenciar a relación de unidade e participación presencial das familias co centro, ampliando canles de comunicación: comisións de espazos, charlas- faladoiro- coloquios...
- Implicar a tódalas asociacións e entidades posibles nas propostas educativas do centro, cando sexa posible.
- Ofrecer a colaboración e implicación do centro nos proxectos que se desenvolven no resto da comunidade, favorecendo unha relación de enriquecemento bidireccional.
- Promover un clima de diálogo e coordinación co persoal non docente na procura dun funcionamento positivo e eficaz do servizo.
- Coordinación con diversas entidades como o programa de reforzo do concello.

Metodoloxía

“Dimo e olvidareino, explicamo e entendereino, deixame facelo e aprendereino”.
Confucio

Consideramos importante que o coñecemento dos procesos de ensino-aprendizaxe non é algo trivial que se adquira polo mero paso e experiencia propia nas escolas. Ten un recorrido histórico, como recolle Costa Rico (2009), é un saber que comezou a construírse, declaradamente, no século XVII, con Comenio, como unha derivación do saber filosófico, a súa fonte fundamental. Neste momento a concepción educativa estaba influenciada pola idea utilitarista de Locke que foi seguida pola vertente naturalista de Rousseau. Fronte a estas posicións encontramos a postura de Hegel, aínda que co punto en común de oposición ao formalismo pedagóxico-tradicional. Destaca neste momento Herbart quen comeza a situar á psicoloxía como fonte do saber pedagóxico.

No século XIX serían o empirismo e o positivismo (pensamento filosófico que entendía a ciencia como principal instrumento de mellora social -influencia do método científico-) e as súas influencias naturalista e causal das ciencias físico-naturais as fontes máis relevantes para a construción do coñecemento da educación até mediados do século XX, época na que se sitúa Montessori. Pasamos dunha pedagogía racional a unha pedagogía científico-experimental.

Progresivamente foron engadíndose novas perspectivas: a concepción condutista e tecnolóxica (Paulov, Bloom e Skinner), o construtivismo e a psicoloxía cognitiva (Piaget, Ausubel, Vigotsky e Bruner). Cabe destacar que durante todo o século XX están presentes as teorías de reprodución social e cultural (Weber, Althusser e Bourdieu) que presentan ás institucións escolares como axentes de dominación ideolóxica que favorecen a exclusión e eliminación social por vías meritocráticas. Aparecen aquí as aportacións de Habermas, Popper, Apple e Willis que apostan por unha escola como comunidade crítica de aprendizaxes, un lugar de diálogo e expresión democrática e de participación na construción do coñecemento. Procúrase así separarse da especialización da teoría tradicional, e en lugar de

limitarse a comprender e explicar a cultura tal como aparece, considera ás persoas como suxeitos de propia historia e pon de manifesto a dimensión activa e o carácter universal da razón crítica que logra a emancipación dos seres humanos.

Este centro é un espazo de reflexión e diálogo entre o claustro para elaborar unha proposta educativa, baseada nos saberes educativos (arriba mencionados) sumados ao coñecemento específico dos contidos que traballamos. Esta proposta pon o foco na importancia da infancia e no seu desenvolvemento para seren cidadáns críticos.

Isto conleva:

- Garantir as necesidades de seguridade e afecto das crianzas, tal como recolle e fundamenta a teoría do apego e desenvolven na práctica Rebeca Wild e Emi Pikler. Un apego seguro contribúe a asegurar un adecuado desenvolvemento cognitivo e mental do neno. Bowlby afirma que a confianza ilimitada na accesibilidade e apoio que pode brindar as figuras de apego constitúe a base para o desenvolvemento dunha personalidade estable e segura das súas propias forzas.
- Fomentar a autonomía e a individualización da aprendizaxe partindo dos seus intereses, respectando o seu momento evolutivo, para conseguir unha aprendizaxe significativa que parta dos seus coñecementos previos e favorezan a andamiaxe a novas aprendizaxes. Para acadalas establecemos tempos de *libre circulación* por espazos preparados, partimos de situacións da vida cotiá, de materiais concretos e manipulables e do deseño dos espazos educativos para favorecer ditas prácticas, como referentes neste aspecto destacamos a Freinet, Malaguzzi, Montessori e Wild.
- Considerar que unha escola pública debe promover valores democráticos e antihegemónicos evitando a creación de individuos homoxéneos, carentes de autonomía e creatividade como sinalaba Foucault (1975). Este modelo de escola como institución emancipadora foi desenvolvida por Freire usando o diálogo e a pregunta, recuperando así a dialéctica socrática como ferramenta para o cuestionamento do mundo que nos rodea e dos valores imperantes. Prestamos especial atención ao enfoque de Hooks sobre pensamento crítico

e feminismo, o cal define como “*un movemento para acabar co sexismo, a explotación sexista e a opresión.* (Hooks, 2000)

- A linguaxe e a escritura estamos a desenvolverlas partindo das teorías construtivistas da Escola Nova e concretadas no aprendizaxe funcional desenvolto por Emilia Ferreiro e Ana Teberosky, polo que entendemos que “Ler e escribir non significan só coñecer o sistema alfabético de escritura, saber trazar letras ou poder dicilas nun acto de lectura. Saber ler e escribir é facer un uso adecuado da linguaxe escrita, utilizando textos de uso social, interpretando os seus diversos significados en situacións comunicativas reais” (1979). No concreto abordaremos secuencias sobre distintas tipoloxías textuais, nas que partimos do estudo de modelos reais deses textos e o traballo das súas propiedades co obxectivo de capacitar e dar recursos ao alumnado para a escritura e o uso social dos mesmos. Nestas secuencias integraranse de xeito contextualizado aspectos relacionados co coñecemento da lingua.
- Respecto ás matemáticas seguimos as propostas de Alsina, Kamii e Canals de fomentar a contextualización da aprendizaxe partindo do apoio de material manipulativo como avalan as investigacións que identifican unha mellora na aprendizaxe de conceptos matemáticos e científicos cando se parte de situacións reais e se apoia en materiais específicos. Piaget, Kamii e outros colaboradores, referentes para a educación matemática por amosar como adquire o alumnado o coñecemento, determinan que necesita: experimentar situacións, cooperar entre o seus iguais, ter contacto directo co obxecto e comunicar o que sabe. “O tratamento dos contidos matemáticos debería iniciarse de maneira concreta a partir do entorno, os materiais manipulables, os xogos... para pouco a pouco ir dando paso á actividade mental, a abstracción e a xeneralización” (Alsina, 2009; citado en Acosta y Alsina, 2015:3). No centro traballamos as matemáticas de maneira manipulativa, contextualizada e con algoritmos abertos.
- Como recolle Rosa Piquín os PDI (Proxectos Documentais Integrados) son unha estratexia de traballo que permite transformar a información en coñecemento, facendo uso da Biblioteca Escolar como o eixe da acción

educativa. De maneira que o alumnado realiza investigacións a partir dun tema concreto ou dun problema ao que hai que dar solución, ao mesmo tempo que coñece e aprende a utilizar os medios de busca de información mediante os recursos documentais de dita biblioteca. Na sociedade da información é fundamental a Alfabetización Informacional, que consiste en aprender localizar a información adecuada, a ser críticos, saber analizala, tratala e finalmente ter a capacidade de comunicala unha vez entendida. Estes proxectos integran aprendizaxes de diferentes áreas do coñemento.

- No relativo á relación coa natureza dende os anos 90 a Psicoloxía Ambiental demostrou as vantaxes da interacción dende idades temperás coa mesma. De acordo con Freire e a Asociación Nacional na Natureza a metodoloxía das Escolas Bosque confirma que o entorno natural é un escenario de aprendizaxe de gran valor e interese pedagóxico, que pon en marcha a curiosidade e a necesidade de explorar o mundo. Sendo un espazo que aporta grandes beneficios, tanto emocionais como físicos, promovendo o desenvolvemento psicomotor a través da actividade física, o xogo espontáneo e creativo, a aprendizaxe por descubrimento, a linguaxe e as relacións sociais, creando un vínculo afectivo cos seres vivos e coas persoas que interaccionan nela.
- Seguindo a Loris Malaguzzi consideramos que un ambiente ben preparado é outro educador máis. O deseño e uso do espazo promove relacións, comunicacións e encontros (Gandini, 1993). Hai unha orde e beleza implícitas no deseño e organización do espazo, equipo e materiais na escola (Lewin, 1995). Cada esquina de cada espazo ten a súa identidade e propósito, convidando á aprendizaxe, a experimentación, a comunicación e a investigación. Por iso temos especial coidado coa elección dos materiais, na colocación dos mesmos, na iluminación e no deseño dos espazos tanto interiores como exteriores. O uso destes espazos faise co acompañamento do profesorado tendo presente que “canto máis tempo pasan as crianzas en actividades menos estruturadas, mellor é o seu rendemento nas funcións executivas” (Barker, Semenov et al. 2014).

- Respectamos e asimilamos a convención sobre o dereito das crianzas, en concreto a Observación Xeral Nº 17 (2013) sobre o dereito das crianzas ao descanso, o espaxamento, o xogo, as actividades recreativas, a vida cultural e as artes (artigo 31) que expresa “o xogo e a recreación son esenciais para a saúde e o benestar da crianza e promoven o desenvolvemento da creatividade, a imaxinación e a confianza en si mesmo e na propia capacidade, así como a forza e as aptitudes físicas, sociais, cognitvas e emocionais. O xogo e a recreación contribúen a todos os aspectos da aprendizaxe (...) promoven a capacidade das crianzas de negociar, restablecer o seu equilibrio emocional, resolver conflitos e adoptar decisións.” Tendo isto presente consideramos que privar do tempo de ocio establecido é vulnerar os dereitos da infancia.
- Asímesmo, as tarefas que se realicen fóra do horario escolar deberán incentivar no alumnado hábitos relacionados coa responsabilidade, o estudo, a organización do tempo, etc. Terán carácter aberto aberto e dinámico, estar baseadas na observación e na investigación e relacionadas coa busca de información, por exemplo: entrevistas, actividades coa familia e, puntualmente, reforzo de tarefas de carácter instrumental. Estas tarefas non poderán ser calificables. Durante os períodos de fin de semana, pontes e vacacións programadas no calendario escolar só se realizarán recomendacións lectoras.
- A partir do escrito recibido de Xefatura Territorial de Sanidade (no ano 2018, No de entrada 47-2018/19) en relación a “Análise de menús escolares” realizado no noso centro indícasenos que tras dita análise o menú “necesita melloras para cumprir as recomendacións nutricionais básicas para a poboación escolar” “baseadas nos criterios acordados ao respecto pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e pola Consellería de Sanidade”. Xa nese curso se recolleu por escrito o Proxecto deportivo de centro. E xunto cos resultados obtidos polo noso alumnado no programa “Escola de alimentación” (curso 21/22), para fomentar unha alimentación san e uns hábitos de vida saudables:
 - 26,23% de alumnado con sobrepeso (media galega é 20,63)

- 21,31% de alumnado con obesidade (media galega: 11,11%)
- 63,93 % de alumnado con obesidade abdominal (media galega: 44,19%)

Fan que o Claustro e o Consello Escolar aproben por unanimidade a participación do centro na modalidade EDUSaúde do Programa de Consellería de Educación CPIInnova aprobada no Claustro e no Consello Escolar por unanimidade, que recolle como obxectivo “Os centros educativos son institucións vitais para contribuir ao benestar físico e alimentario, polo que fai falta impulsar tanto a actividade física como os hábitos alimentarios ligados a unha vida saudable para que poidan ser mantidos ao longo da vida”. No marco deste programa acórdase contratar unha nutricionista especialista en alimentación infantil para que realice a planificación do menú do comedor.

Así como promover outros hábitos de vida saudables, como a práctica física vivenciada respectando o desenvolvemento físico de cada persoa, que favorece o seu desenvolvemento motor e psicolóxico, tal como propón Aucouturier.

- Según Moreno González, A. (2010) a actividade artística conecta ao suxeito coa súa propia identidade individual e cultural, permitíndolle revisar o seu imaxinario e acceder ao universo simbólico. Arno Stern comprobou que os nenos e nenas debuxan por puro pracer, o seu propio pracer, por unha necesidade vital de expresarse, polo que non debemos emitir xuízos nin valores, nin queren atopar un sentido ao que debuxan... Por outro lado as escolas Reggio Emilia exploran a arte e a creatividade dunha maneira moi ampla a través da poesía, a fotografía, a luz, a escultura, a música, o debuxo, o ambiente... e sempre cos nenos e nenas como centro de aprendizaxe; por iso ofrecémoslles diversas propostas ou provocacións con múltiples materiais co obxectivo de que sirvan como inicio de diferentes procesos creativos, a través da liberdade, experimentación e relacións entre os materiais e eles.
- Tal como recolle a lexislación educativa e concretamente o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia “O profesorado debe ter un rol mediador, un rol de guía. Seleccionará a situación de aprendizaxe adecuada e en función dela escollerá recursos dixitais e non

dixitais variados e diversos que lle permitan ao alumnado explorar e investigar, que fomente a interacción coas compañeiras e cos compañeiros, o enfrontamento dos retos sen ansiedade e que ofrezca novas oportunidades de aprendizaxe. Será un profesorado promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumnado, atendendo á diversidade e personalizando os procesos de construción de aprendizaxe. Require que as mestras e os mestres deseñen e empreguen situacións de aprendizaxe que esperten o interese do alumnado planificando tempos, espazos, agrupamentos e outros recursos, mediando na aprendizaxe e na investigación, dando tempos necesarios para investigar, tentar estratexias, equivocarse, volver tentar, contrastar, validar procesos e aplicar a nova aprendizaxe a outras situacións contextualizadas”.

Abordaxe das competencias

En canto ás competencias, a lexislación establece cales deben abordarse e de que xeito. Concretamente sinala “O currículo baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Establécense novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación, que van supoñer un importante cambio nas tarefas para o alumnado, e propostas metodolóxicas innovadoras. (...) A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral”.

A continuación presentamos unha relación das competencias clave e uns apuntes de como se deben abordar segundo a lexislación, así como liñas de traballo e exemplos que contribúen ao desenvolvemento das mesmas no noso centro.

a) CCL: COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA.

Na Lei:

“A competencia en comunicación lingüística supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos. Implica mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritas, signadas ou multimodais evitando os riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respectuosa”.

No noso centro:

Promoción de distintas situacións de uso da lingua, argumentación, debate, expresión de emocións...

Comunicación oral: falar e escoitar:

- Asembleas de toma de decisións argumentadas respecto de numerosos temas: aspectos relacionados co funcionamento do grupo-aula, propostas didácticas, decisións sobre o deseño de distintos espazos do centro: biblioteca, patio, laboratorio...
- Preparación da orde do día das Xuntanzas do Consello da Infancia e desenvolvemento e posterior traslado dos acordos no mesmo.
- Promoción da resolución pacífica de conflitos comunicando de forma asertiva as necesidades e demandas que temos dos demais en situacións diversas.
- Debates sobre temas diversos.
- Exposición de resultados de temas diversos tras un exhaustivo proceso de investigación e tratamento da información.
- Faladoiros nos que expresar as nosas inquedanzas e sentimentos. Todas elas baseadas na escoita activa e respectuosa.

Comunicación escrita: ler

- Momentos de lectura tendo acceso a distintas tipoloxías textuais.
- Lecturas grupais por parte da persoa docente proporcionando modelos de lectura de distintas tipoloxías textuais.
- Lectura de investigación sobre temas diversos e traballo de estratexias de alfabetización informacional e mediática, entre as que se inclúen estratexias de busca, contraste, cohesión e transmisión da información, fomentando a alfabetización en diversos medios, tecnoloxías e linguaxes.
- Recepción de textos de interese do alumnado que provocan a necesaria comprensión para o acceso ao seu contido: orde do día do Consello Escolar, exposicións das investigacións das outras aulas para acceso ao coñecemento compartido, buzoneo entre alumnado...

Comunicación escrita: escribir

- Abordaxe de secuencias contextualizadas de distintas tipoloxías textuais nas que se aborda tanto coñecemento da lingua (ortografía, conciencia fonolóxica e semántica, categorías gramaticais...) como as propiedades textuais (función, estrutura, formato, relación co real, autoría, tipoloxías...). Secuencias de texto expositivo, infografía, texto informativo (carta e prensa), texto instrutivo, texto literario (conto e poesía).
- Promoción de situacións de escritura funcional e contextualizada, na que a comunicación escrita se converte nunha necesidade coa conseguinte abordaxe tanto da calidade do escrito como da motivación para a súa comprensión: resultados de investigacións varias para a súa comunicación ao resto das compañeiras e compañeiros na aula para a súa posta en común, do resto das aulas para a súa exposición.
- Elaboración de guións para a radio e produtos audiovisuais.

Coñecemento da lingua

- Reflexión sobre propiedades cualitativas e cuantitativas da escritura.

- Reflexión sobre direccionalidade do sistema de escritura.
- Reflexión sobre conciencia fonolóxica, léxica, semántica e sintáctica.
- Reflexión sobre a norma ortográfica.
(Entendo que esa reflexión inclúe identificación, busca, aplicación práctica, comparación...)
- Abordaxe de elementos gramaticais de xeito contextualizado e asociados ao seu uso xeneralizado na tipoloxía textual que corresponda.

Todas elas de xeito grupal e individualizado, traballando con cada neno e nena sobre as necesidades propias que presenta e acompañando o seu desenvolvemento propio respectando a etapa na que se atopa.

E de forma contextualizada nas actividades reflectidas con anterioridade e atendendo a un enfoque comunicativo.

Educación literaria

- Momentos de lectura de lecer tendo acceso a distintas tipoloxías textuais e co acompañamento e interacción das persoas docentes creando un itinerario lector individualizado e coherente cos seus gustos e intereses que se irá ampliando a partir dos mesmos.
- Abordaxe formal con textos de uso social, no que o traballo con modelos reais de calidade amplía de xeito xeneroso os seus intereses.
- Achegamento ás persoas autoras de referencia no Club de Lectura, nas Conmemoracións e en diversas secuencias de centro e aula.
- Acceso a unha biblioteca cun amplo catálogo seleccionado en base a distintos criterios de calidade.

b) CP: COMPETENCIA PLURILINGÜE.

Na Lei:

“A competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz, para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, de ser o caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais. Integra, así mesmo, dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade co obxectivo de fomentar a convivencia democrática”.

No noso centro:

Promoción de distintas situacións de uso da lingua estranxeira: argumentación, debate, expresión de emocións...

- Tratamento integrado das linguas, abordando vocabulario relacionado e apoiando as secuencias acordadas no claustro en torno a distintas tipoloxías textuais en todas as linguas presentes no centro.
- Participación en distintos Programas da Consellería relacionados coa promoción da lingua Inglesa.
- Abordaxe da sesión de Arts en Inglés.
- Aprendizaxe cultural da lingua a través de actividades contextualizadas na práctica cotiá e a celebración de conmemoracións relacionadas.
- Presenza dunha persoa auxiliar de conversa.

c) STEM: COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIA EN CIENCIA, TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA.

Na Lei:

“A competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (competencia STEM, polas súas siglas en inglés) entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñaría para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable.

A competencia matemática permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos.

A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social.

A competencia en tecnoloxía e enxeñaría comprende a aplicación dos coñecementos e metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.”

Así mesmo, “a aprendizaxe desta área debe mudar e pasar dun enfoque tradicional centrado nos contidos e no mero desenvolvemento mecánico dunhas habilidades a un enfoque competencial onde estes contidos non son un obxectivo en si mesmos senón un medio que lle sirva ao alumnado para desenvolver a competencia matemática na vida cotiá”.

No noso centro:

COMPETENCIA MATEMÁTICA

Enfoque competencial que lle sirva ao alumnado para desenvolver habilidades matemáticas na vida cotiá.

Sentido numérico

- Propostas de actividades para a comprensión xeral dos números e as súas relacións de cara a que o pensamento matemático se desenvolva como paso previo á abstracción: estimación, comparación de números, igualación de cantidades...
- Propostas de resolución de problemas contextualizados en situacións da vida cotiá empregando esta comprensión xeral dos números de maneira flexible para ser capaces de emitir xuízos matemáticos e desenvolver estratexias que lles sexan útiles.

Sentido da medida e sentido espacial

- Momentos de análise, medición e deseño de espazos de centro coa finalidade do uso común e adecuado do alumnado: deseño do itinerario para a milla, medida e deseño de espazos pedagóxicos como poden ser os ambientes, a biblioteca, o patio ou o laboratorio.
- Aproveitamento de situacións da vida diaria para a realización de actividades de estimación de lonxitudes e pesos e cálculo real final: cálculo da cantidade de material recollido na II Carreira Solidaria, reto de estimación da medida persoais e de diferentes partes do corpo, medida dos espazos da horta para a creación de bancais, circuíto de bicis, elaboración da maqueta de centro e espazos exteriores a escala.

Sentido alxébrico

- Emprego adecuado de operacións e algoritmos establecidos no currículo adaptados á realidade do contexto do momento: sumar para calcular perímetros, dividir para obter escalas, regras de tres para coñecer porcentaxes... tanto con números enteiros como con decimais.

COMPETENCIA EN CIENCIA

- Club de ciencia
- Experimentos e experiencias nos que se aborda de xeito vivencial a comprensión de distintos fenómenos relacionados coa ciencia.
- Propostas de zooloxía, clasificación de elementos naturais, vista ao microscopio de distintos tecidos, implicación e vivenciación das partes e de procesos naturais nos espazos de botánica, e na implicación no coidado e reprodución de plantas de interior e exterior.
- Experiencias internivel nas que comparten experimentos, creación de máquinas e prototipado.

COMPETENCIA TECNOLÓXICA

- Creación de prototipos nos diferentes PDI de centro: prototipos Outes Sostible, deseño da maqueta do noso centro e espazos exteriores utilizando materiais tecnolóxicos como a impresora 3D, ferramenta de Polos Creativos.
- Inclusión dun espazo tecnolóxico na biblioteca para o achegamento á funcionalidade de tecnoloxías relacionadas con procesos variados.
- Participación no programa Polos Creativos, que supón a entrada de recursos, creación de espazos e posta en marcha de dinámicas para o desenvolvemento de Competencias Dixitais e Científico-Tecnolóxicas: impresión 3D, prototipado, robótica, procesamento audiovisual e artístico... e que xa se veñen poñendo en práctica no noso centro: creación de prototipos no marco do PDI Outes Sostible, experimentación libre con tecnoloxías varias (materiais creativos, robots, placas de programación...), creación de máquinas complexas a partir de máquinas simples, maqueta a escala do centro...

- Investigacións variadas e autónomas no contexto da libre circulación vinculadas á historia, a zooloxía, botánica... onde teñan a oportunidade de poñer en práctica os seus coñecementos e estratexias adquiridas nos procesos grupais.
- Abordaxe dende a óptica da aprendizaxe-servizo promovendo a aplicación dos coñecementos e metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade, tal e como se expón na lexislación.

d) CD: COMPETENCIA DIXITAL.

Na Lei:

“A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas.

Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico”

No noso centro:

Contextualizado de xeito xenérico na abordaxe da aprendizaxe por proxectos e na creación de espazos dotados de recursos para a súa aprendizaxe.

- Investigación sobre temas diversos e emprego de estratexias de alfabetización informacional e mediática, entre as que se inclúen estratexias de busca,

contraste, cohesión e transmisión da información, fomentando a alfabetización en diversos medios, tecnoloxías e linguaxes.

- De xeito importante, abordaxe do contraste de información e uso de distintas fontes, así como secuencias concretas sobre bulos e intereses ocultos sobre distintas temáticas co obxectivo de desenvolver o pensamento crítico para loitar contra a desinformación.
- Inclusión dun espazo de comunicación radiofónica e audiovisual na que se traballan contidos relacionados coa alfabetización mediática.
- Inclusión de un espazo tecnolóxico na biblioteca para o achegamento á funcionalidade de tecnoloxías relacionadas con procesos variados.
- Participación no programa Polos Creativos, que supón a entrada de recursos, creación de espazos e posta en marcha de dinámicas para o desenvolvemento de Competencias Dixitais e Científico-Tecnolóxicas, a resolución de problemas e o pensamento computacional: impresión 3D, prototipado, robótica, procesamiento audiovisual e artístico... e que xa se veñen poñendo en práctica no noso centro: creación de prototipos no marco do PDI Outes Sostible, experimentación libre con tecnoloxías varias (materiais creativos, robots, placas de programación...), creación de máquinas a partir de máquinas simples, maqueta a escala do centro...
- Promoción de investigacións variadas e autónomas no contexto da libre circulación vinculadas á historia, a zooloxía, botánica... onde teñan a oportunidade de poñer en práctica os coñecementos e estratexias adquiridas nos procesos grupais.

e) CPSAA: COMPETENCIA PERSOAL, SOCIAL E DE APRENDER A APRENDER.

Na Lei:

“A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autocoñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente, colaborar con outros de forma construtiva, manter a resiliencia e xestionar a

aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de lle facer fronte á incerteza e á complexidade, de adaptarse aos cambios, de aprender a xestionar os procesos metacognitivos, de identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas, contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro, así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.”

No noso centro:

COMPETENCIA PERSOAL

- Acompañamento na xestión emocional a través da escoita activa, da validación de todas as emocións, da identificación da función de cada unha delas, reflexión sobre alternativas relacionadas cos comportamentos que provocan, e fomento dunha autoestima e autoconcepto positivos.
- Promoción dun entorno saudable (en relación á vida activa, á alimentación, á saúde mental, o benestar emocional...) como exemplo necesario para que o alumnado teña a oportunidade de facer unha escolla responsable para o seu desenvolvemento integral ao longo da súa vida.
- Proposta de tarefas abertas que sitúen ao alumnado nesas situacións de incerteza e permitan a integración dos coñecementos e estratexias adquiridos para posibilitar unha toma de decisións adecuada e autónoma a cada situación, na que a persoa docente acompaña o proceso, intervindo en función das necesidades da proposta e o seu discorrer.

COMPETENCIA SOCIAL

De xeito transversal e contextualizado en todo o que se fai na escola.

- Promoción do traballo cooperativo en tarefas de diversa índole, aprendendo tanto a participar e colaborar como a practicar a escoita activa: postas en común

de investigacións, debates, propostas de ideas, traballo en equipo na resolución de múltiples tarefas...

- Promoción da resolución pacífica de conflitos comunicando de forma asertiva as necesidades e demandas que temos dos demais en situacións diversas.

COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER

Especialmente a través do fomento da autonomía en todas as actividades que se levan a cabo e da abordaxe de adquisición das estratexias necesarias en proxectos de investigación.

- Conciencia de promoción da autonomía a través de secuencias de traballo abertas que comezan sempre cun acompañamento e andamiaxe importante do persoal docente e que buscan sempre ir retirando ese apoio ou modificándoo a favor da autonomía do alumnado nos distintos procesos que se abordan.
- Investigación sobre temas diversos e traballo de estratexias de alfabetización informacional e mediática, entre as que se inclúen estratexias de busca, contraste, cohesión e transmisión da información. Estas aprendizaxes fomentan a alfabetización en diversos medios, tecnoloxías e linguaxes, capacitando ao alumnado en procesos que lle permitan un acceso autónomo á creación de coñecemento.
- Promoción de investigacións variadas e autónomas no contexto da libre circulación vinculadas á historia, a zooloxía, botánica... onde teñan a oportunidade de poñer en práctica os coñecementos e estratexias adquiridas nos procesos grupais.

f) CC: COMPETENCIA CIDADÁ

Na Lei:

“A competencia cidadá contribúe a que alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e no compromiso

activo coa sustentabilidade e co logro dunha cidadanía mundial. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sustentable acorde cos obxectivos de desenvolvemento sustentable expostos na Axenda 2030”.

No noso centro:

A través dos órganos de participación: Asemblea de toma de decisións de aula e Consello Escolar da Infancia, e a través do enfoque relacionado coa aprendizaxe- servizo.

- Asembleas de toma de decisións argumentadas respecto de numerosos temas: aspectos relacionados co funcionamento do grupo- aula, propostas didácticas, decisións relacionadas co deseño de distintos espazos do centro: biblioteca, patio, laboratorio... garantindo a participación plena na vida da aula que funciona á súa vez como unha microsociedade.
- Consello Escolar da Infancia, que eleva esa participación a nivel de centro e onde teñen a oportunidade de experimentar o papel da representación e defensa dos ideais do seu grupo.
- Traballo de creación comunitaria das normas de convivencia que rexen os espazos que habitan.
- Abordaxe de múltiples temáticas relacionadas coa Axenda 2030 en procesos de diagnóstico e propostas de actuación sobre o contexto propio.
- Actividades de colaboración con distintos colectivos fomentando a empatía e participación ética no seu contexto.
- Accións relacionadas coa concienciación sobre a convivencia e distintas problemáticas de índole social, como as levadas a cabo a través de distintas instalacións artísticas.
- Conmemoracións como o 25N Día Internacional da Violencia de Xénero, o Día de Rosalía, o 8M Día Internacional da Muller ou en Abril a Semana do Libro

veñen estipuladas por lei na Orde de Calendario Escolar que se publica anualmente.

g) CE: COMPETENCIA EMPRENDEDORA

Na Lei:

“A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas. Achega estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades, adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e para crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación; e espertar a disposición para aprender a arriscar e a afrontar a incerteza. Así mesmo, implica tomar decisións baseadas na información e no coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sustentables de valor social, cultural e económico-financeiro”.

No noso centro:

A través do traballo por proxectos na resolución de situacións da vida cotiá e o enfoque relacionado coa aprendizaxe- servizo.

- Posta en práctica continua de procesos de investigación e traballo dirixido á resolución de situacións da vida cotiá do centro, actuando sobre oportunidades que se nos presentan e que son fonte de múltiples procesos de aprendizaxe competencial e interdisciplinar, ao tempo que abordan procesos de negociación e toma de decisións como son: deseño de espazos como a biblioteca, o patio ou o laboratorio, secuencia matemática de xestión de presuposto e estatística relacionada coa selección dos libros de consulta a mercar coa dotación económica derivada do premio no Concurso de Proxectos, ou os distintos PDIs levados a cabo no centro.

- Actividades de colaboración con distintos colectivos fomentando a empatía e participación ética no seu contexto fomentando o desenvolvemento dunha conciencia social.
- De xeito profundo e específico nos momentos de libre circulación nos que se expoñen á necesidade da autoxestión, a libre elección, do compromiso propio coa aprendizaxe, da autoplanificación e autoavaliación, traballo en equipo, desenvolvemento da concentración en ambientes non estruturados ou da xestión emocional ante a frustración.

h) CCEC: COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAI

Na Lei:

“A competencia en conciencia e expresión culturais supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Implica tamén un compromiso coa comprensión, o desenvolvemento e a expresión das ideas propias e do sentido do lugar que se ocupa ou do papel que se desempeña na sociedade. Así mesmo, require a comprensión da propia identidade en evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade, así como a toma de conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden supoñer unha maneira de mirar o mundo e de darlle forma”.

No noso centro:

A través de múltiples e diversas accións.

- A través do debate nas Asembleas e no Consello da Infancia, onde é imperativo manifestar as ideas propias e facer un esforzo por comprender e respectar as ideas das demais.
- No traballo da comunicación asertiva.
- En todas as tarefas abordadas na área de Expresión Artística que comprende Arts e Música, así como na posibilidade de creación propia que se ofrece nos

espazos da libre circulación e do patio pensados para a expresión artística, a música e a creatividade.

- No espazo creativo da biblioteca onde podemos achegarnos a procesos diversos relacionados coa creación audiovisual e outras técnicas artísticas e creativas: construcións, bordado, scrapbooking, debuxo creativo...
- Nas instalacións artístico-reivindicativas, onde ademais de empregar a arte como canle de reivindicación e comunicación, nos achegamos á obra de distint@s artistas e ás realidades que reflicten nas mesmas.
- Actividade de contacontos de distintas nacionalidades presentes no centro enmarcadas no programa Lectura e familias.
- Aprendizaxe cultural da lingua a través de actividades contextualizadas na práctica cotiá e a celebración de conmemoracións relacionadas.
- Asistencia a actos e eventos de índole artística e cultural: exposicións, teatro, concertos..

I) CCSCV: COMPETENCIA CORPORAL PARA A SAÚDE E CALIDADE DE VIDA

Na Lei: O currículo da nosa comunidade no Anexo 1 “Perfil de saída” fai referencia á vinculación entre as competencias clave e os retos do século XXI, onde se busca aproximar a escola a situacións, cuestións e problemas reais da vida cotiá. Entre estes retos está *“desenvolver estilos de vida saudables, reflexión crítica sobre os factores internos e externos que inciden en ela, asumindo a responsabilidade persoal e social no coidado propio e das demais persoas, así como na promoción da saúde pública”*

Ademais das oito competencias clave oficiais, dende o noso centro buscamos contribuir a unha novena competencia: COMPETENCIA CORPORAL PARA A SAÚDE E CALIDADE DE VIDA, proposta polo Consello COLEF que busca ser considerada unha competencia clave máis por ser imprescindible para o desenvolvemento persoal, psicoevolutivo e social.

No noso centro:

A través de múltiples e diversas accións onde se promove un entorno activo e saudable.

- Promoción dun entorno activo e saudable (en relación á vida activa, alimentación, á saúde mental, o benestar emocional...) como exemplo necesario para que o alumnado teña a oportunidade de facer unha escolla responsable para o seu desenvolvemento integral ao longo da súa vida.
- Participación no programa “Proxecto de vida activa e deportiva”: promovento a actividade física e/ou deportiva e lúdica, ademais de favorecer diferentes hábitos saudables cos beneficios que isto conleva a nivel físico, emocional e mental.
- Creación dun espazo Psicomotriz na libre circulación na etapa de infantil.
- Recreos activos, con diversas propostas promovendo a actividade física: pista polideportiva para xogos de pelota, ximnasio con xogos de cancha dividida, rocódromo, pista para patíns e bicis, equilibrio, xogos populares, zona de escavación, horta,...
- Participación no programa XOGADE: Campo a través, “Xogando co vento e coa auga”, “Piragüismo Dragón”.
- Andainas pola contorna próxima, convidando ás familias nalgunha ocasión favorecendo o ocio activo entre alumnado, pais, nais e/ ou titores.
- Realización da “Milla” polo menos unha vez á semana, que buscando a non coincidencia coas clases de Educación Física, garántese un día máis de actividade física.
- Participación en actividades de primeiros auxilios, educación vial, xornadas de inclusión (en colaboración co centro ocupacional de Valadares), xornadas de convivencia e xogos populares (Centro de día Municipal).
- Celebracións con propostas activas: Carreira solidaria, Magosto e día de San Martiño con xogos populares e tradicionais, Libre circulación Internivel con un espazo destinado a actividades motrices, ...
- Hábitos alimenticios: a través de merendas saudables diarias, menús elaborados por unha nutricionista, talleres de nutrición (tanto para o alumnado

como para as familias), espazos na libre circulación con propostas relacionadas coa alimentación equilibrada...

Cultura avaliativa

*“Dime como avalias e direiche que ensinas”
Pérez Expósito e González Aguilar, 2011*

Que entendemos por avaliación?

As Ordes que determinan o proceso de avaliación entenden que a súa finalidade é a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado, e do exercicio da práctica docente. É por iso que entendemos que este proceso ten unha función orientadora, motivadora e de diagnóstico tanto para o alumnado como para profesorado, centro, familias e administración. Nun contexto de escola inclusiva é necesario enfocar a avaliación dende o traballo por competencias clave e habilidades do currículo, onde ambas engloban gran parte dos procesos de ensinanza-aprendizaxe e, á súa vez, o propio proceso de avaliación.

É o mesmo avaliar que cualificar?

Cualificar é unha actividade máis restrinxida que avaliar. A cualificación é a expresión cualitativa ou cuantitativa dun xuízo de valor que emitimos sobre a actividade e logros do alumnado. Este xuízo de valor acostuma expresar o grao de consecución de coñecementos, destrezas e habilidades do alumnado como resultado dalgún tipo de proba, actividade, exame ou proceso. É, polo tanto, un medio imperfecto, porque non alcanza a expresar na súa totalidade a riqueza que ten a avaliación (Ruíz Córdoba, 2009).

Por outra banda, a avaliación realízase para tomar decisións. Non basta con recoller información sobre os resultado do proceso educativo e emitir unicamente un tipo de

calificación; se non se toma algunha decisión ao respecto, non existe unha auténtica avaliación.

Así pois, a avaliación é unha actividade ou proceso sistemático de identificación, recollida ou tratamento de datos sobre elementos ou feitos educativos, co obxectivo de valoralos primeiro e, sobre dita valoración, tomar decisións (García Ramos, 1989).

Polo tanto, atendendo a estas definicións, o proceso de cualificación no noso centro basearase na valoración das seguintes técnicas de avaliación:

1. Observación sistemática
2. Análise das producións do alumnado
3. Intercambios orais
4. Probas específicas

Esta valoración realizarase a través do uso de diferentes instrumentos de avaliación aos que se lles asignará un peso concreto segundo a etapa educativa na que se atope o alumnado.

Técnicas de avaliación
Observación sistemática
<p>Definición: Recolección e análise de datos de maneira planificada e estruturada para obter información obxectiva sobre o desempeño ou comportamento dun individuo ou grupo.</p> <p>Instrumentos de avaliación: Escala de observación, rexistro anecdótico persoal, diario de clase, lista de cotexo, rúbrica...</p>

Análise de producións

Definición: Estudo integral tanto do proceso como do produto para buscar oportunidades de mellora.

Instrumentos de avaliación: Cadernos de clase ou de campo, traballos de aplicación e síntese, textos escritos, producións orais, investigacións, portfolio proceso, musicais, orais, plásticas, traballos de aplicación e síntese, organizadores gráficos, xogos de simulación e dramáticos, gravacións de voz e/ou imaxe...

Intercambios orais

Definición: Proceso de intercambiar información e mensaxes entre dúas ou máis persoas co fin de transmitir ideas ou emocións.

Instrumentos de avaliación: Asemblea, diálogo, entrevista, postas en común, debates...

Probas específicas

Definición: Aquela que se elabora para medir o logro de obxectivos e contidos axustada ás necesidades do alumnado.

Instrumentos de avaliación: Exposición dun tema, proba aberta, proba de capacidade motriz, proba de interpretación de datos, proba obxectiva, exame (non sendo nunca o elemento único nin de maior peso).

A continuación establecemos as porcentaxes máximas de cada técnica en relación coas materias.

Educación Infantil	Observación sistemática	Análise de producións	Intercambios orais	Rexistros
Comunicación e representación da realidade	50%	20%	50%	20%
Crecemento en harmonía	50%	20%	50%	20%
Descubrimiento e exploración do entorno	50%	20%	50%	20%
Lingua estranxeira	30%	20%	30%	20%
Relixión / PC	30%	50%	30%	20%
Psicomotricidade	80%	20%	20%	20%
Música	70%	60%	30%	10%

1º Ciclo de Educación Primaria	Observación sistemática	Análise de producións	Intercambios orais	Probas específicas
Educación plástica e visual	70%	50%	30%	10%
Música e danza	70%	60%	30%	10%
Lingua Galega e Lingua Castelá	60%	40%	40%	15%
Lingua estranxeira	60%	40%	40%	15%
Matemáticas	60%	40%	30%	15%
Ciencias	60%	40%	30%	10%
EF	80%	20%	20%	20%
Relixión / PC	30%	50%	30%	20%

2º Ciclo de Educación Primaria	Observación sistemática	Análise de producións	Intercambios orais	Probas específicas
Educación plástica e visual	50%	50%	30%	10%
Música e danza	50%	50%	30%	10%
Lingua Galega e Lingua Castelá	60%	40%	40%	20%
Lingua estranxeira	60%	40%	40%	20%
Matemáticas	50%	40%	30%	20%
Ciencias	60%	40%	30%	20%
EF	80%	20%	20%	20%
Relixión / PC	30%	50%	30%	20%

3º Ciclo de Educación Primaria	Observación sistemática	Análise de producións	Intercambios orais	Probas específicas
Educación plástica e visual	30%	60%	30%	10%
Música e danza	30%	60%	30%	10%
Lingua Galega e Lingua Castelá	30%	40%	40%	30%
Lingua estranxeira	30%	40%	40%	30%
Matemáticas	30%	40%	30%	30%
Ciencias	30%	40%	30%	30%
EF	80%	20%	20%	20%
Relixión / PC	30%	50%	30%	20%

Todas estas ferramentas establecerán os criterios para definir a cualificación do alumnado, que nunca poderá ser en base a unha única ferramenta, establecendo no perfil de área, competencia e programacións didácticas o peso concreto de cada unha.

No proceso global de avaliación, teremos en conta outras estratexias que nos permitirán tomar unha decisión en base á análise feita previamente. Será necesario recoñecer os avances do alumnado, identificar interferencias durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe e realizar unha intervención específica, de ser esta necesaria. Para iso contamos cunha serie de medidas de carácter ordinario e extraordinario, que se contemplan no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

As cualificacións do alumnado serán privadas e non poderán ser comunicadas públicamente por parte do profesorado.

Que entendemos por exame?

O exame escolar é un tema de debate educativo cando se entende como un rito de comprobación do aprendido; acostuma a ter as seguintes características (Calatayud Salom, 2000):

- é unha avaliación puntual: despois de cada unidade didáctica ou conxunto de unidades.
- conleva unha específica distribución espacial: mesas separadas ou espazo entre alumnado.
- docente como persoa vixiante.
- ocultación dos materiais: avaliación do alumnado sen materiais curriculares.
- ten unha atmosfera concreta: momento diferente, dramatizado que pode provocar angustia, medo, tensión... emocións que soen modificar a conduta do alumnado e obstaculizar o seu funcionamento intelectual.

Debemos recordar o peso social que ten o exame na educación e sociedade actuais, obviando as repercusións que conleva (Calatayud Salom, 2000, 2021):

- individualización: soidade na realización da proba.
- sumisión: instrumento de poder disciplinario e sometemento.
- comparación: fomenta a competitividade, a comparación e discrimina ao alumnado menos dotado.
- carreira de obstáculos: o alumnado percibe os exames como obstáculos para avanzar na escolaridade, se non aproba só queda o fracaso.
- o rigor científico: existe unha falsa crenza de que o exame é unha proba científica, ao contrario, promove efectos perversos na percepción do alumnado por parte do profesorado e da comunidade.
- fragmentación do coñecemento: os coñecementos pasan a calibrarse pola súa importancia nos exames e/ou segundo a súa dificultade.
- relación co proceso de ensinanza-aprendizaxe: arrebatase ó alumnado a súa autonomía de aprendizaxe, coerccionando a aprender o marcado desde fóra (adaptación ós requirimentos de cada docente). A finalidade da educación

pasa a ser “sacar boas notas”. Destrozamos a capacidade de asombro (L’Ecuyer, 2013).

Entendemos que estamos ante un proceso de avaliación sumativo e puntual, desligado da avaliación formativa e continua requirida. Non queremos ser cómplices nin aceptar no centro instrumentos que corrompen o proceso de aprendizaxe, provocando unha perda de autonomía moral e un abandono intelectual.

Porén consideramos aclaratoria a proposta de exame baixo parámetros máis constructivistas (Calatayud Salom, 2000). Segundo a autora esta proba debería:

- aludir a situacións e problemas reais que permitan a transferencia e aplicación de contidos aprendidos (non só a súa repetición).
- debe evitarse a tentación de propoñer cuestións fáciles de corrixir e atender a cuestións máis importantes e significativas para o alumnado.
- o exame como instrumento para descubrir erros conceptuais, non para constatalos senón para modificar e mellorar a calidade da aprendizaxe.
- debería servir para que o alumnado sexa consciente do que está aprendendo.

En xeral, un exame debe deixar de ser unha proba de memoria para ser funcional e estar ó servizo da aprendizaxe do alumnado e de revisión crítica docente. Recordando o que dicía Perrenoud (1990), “antes de avaliar, a escola constitúe un lugar de ensinanza e aprendizaxe”.

Con todo o anteriormente dito descartamos a idea e o feito de asociar e limitar a cualificación do alumnado á realización dun **exame**.

Avaliación do profesorado e centro

No referido á avaliación, no centro, partimos da súa importancia como actividade crítica de aprendizaxe e de desenvolvemento profesional e institucional. Consideramos a avaliación como un proceso que permite coñecer e analizar a nosa labor así como a toma de decisións para a mellora da función docente e garantir o proceso de ensino-aprendizaxe.

Para isto é necesario entender o erro como fonte de aprendizaxe e retomar a reflexión persoal e conxunta como puntos de partida.

Entendemos que a avaliación do profesorado debe atender a dous aspectos, a función docente e o funcionamento do centro. Como claustro temos unhas responsabilidades ademais da atención ao alumnado (participación en equipos, relación coas familias, coordinación interna e con axentes externos, coidado do benestar emocional da comunidade,...) polo tanto este aspecto tamén debe ser considerado na análise da nosa labor. A continuación expoñemos como desenvolvemos esta avaliación no centro:

- Autoavaliación: revisión da programación, diarios, etc.
- Conversas sobre o proceso de ensino aprendizaxe.
- Debate educativo sobre os aspectos positivos e negativos das accións.
- Prácticas reflexivas individuais e conxuntas sobre o traballo realizado.
- Recollida de información do alumnado e do resto da comunidade educativa.
- Análise e debate ao finalizar os procesos ou actividades desenvolvidas no colexio.

Organización e coordinación

A coordinación do centro vaise organizar seguindo as equipas definidas lexislativamente, ás que engadimos outras necesarias para o seu bo funcionamento.

Na organización inicial de Claustro definirase cantas persoas formarán parte de cada equipa, en función das súas necesidades e asignaranse xa tamén dende o inicio as funcións específicas de cada integrante.

Entre as funcións de cada equipo establécese un reparto da organización das conmemoracións recollidas na orde de calendario anual en base a criterios de especial vinculación. Poñerase especial atención en seleccionar propostas significativas e vinculadas á programación anual, superando a fase de “celebración ritualista”.

Biblioteca

- **Coordinación:**
 - Co-coordinación de todos os programas da biblioteca.
 - Tarefas de dinamización, xestión, adquisición de fondos e recursos, e contabilidade dos orzamentos asignados á biblioteca.
- **Lectura e familias:**
 - coordinación da actividade de dinamización lectora e creativa coa participación das familias.
- **Clube de lectura:**
 - Coordinación e dinamización dos distintos grupos lectores que se establezan dentro do programa.
- **Radio:**
 - Apoio técnico e dinamización das actividades vinculadas á radio.
 - xestión de audio de eventos e música en galego e feminista.
- **Biblio solidaria:**
 - Co-coordinación do alumnado colaborador da biblioteca.
 - Coordinación do alumnado que leva a cabo voluntariado lector, e da comunicación coas entidades ás que se lles ofrezan lecturas.
- **B. Creativas (TICS):**
 - Coordinación e apoio técnico das actividades do programa: espazo audiovisual, robótica, impresión 3D, scrapbooking, costura, etc.
 - Apoio en tics e proposta para libre circulación periódica.
- **Catalogación e tarefas varias**

Conmemoracións: 23 abril: día do libro.

Dinamización da lingua galega

- **Conmemoracións:**
 - Día de Rosalía (febreiro)
 - Día das letras galegas 17M (maio)
- **Encárgase de realizar a proposta de Entroido, Pampallín e Magosto.**

Convivencia

- Coordinación
- Igualdade
 - Desenvolver talleres específicos en 5º e 6º.
 - Organizar un coloquio para familias.
 - Talleres nos ciclos e asesoramento
 - Coordinación co CIM (Centro de Información da muller).
- Patio:
 - Encargarse da xestión do espazo que conforma o patio e organizar quendas de profesorado.
 - Revisión, reparación e compra de material.
- Horta: organización do mantemento e coordinación dos cultivos.
- Libre circulación periódica
 - Calendarizar.
 - Proposta de actividades en base as achegas de equipos e ciclos.
- Conmemoracións:
 - 25N (novembro)
 - 8M (maio)
 - Mulleres na ciencia (11 febreiro)

TICS e Polos

- Coordinación.
- Coordinación Edixgal e xestionar plan TICS.
- Xestionar páxina web e aula virtual.
- Reparacións e asesoramento.
- Comunicarse coa UAC.
- Coordinación do espazo de polos creativos. Proposta para a libre circulación mensual.
- Dinamización do club de ciencia en 3º ciclo.
- Creación de laboratorio en 3º ciclo.

Extraescolares

- Coordinación.
- Coordinación de buses para as excursións.
- PVAD:
 - Carreira solidaria (día da paz).
 - A milla.
 - Deporte escolar.
 - Andainas.
 - Actividades acuáticas (piscina, vela, kaiak).
- Organizar as actividades e facer unha proposta por trimestre a cada ciclo.
- Conmemoracións:
 - Nadal e Fin de curso.

Pedagóxica

- Coordinación de EI.
- Coordinacións de ciclo.
- Avaliación das propostas de mellora e apoio na organización de actividades e saídas.
- Preparar proposta para a libre circulación do ciclo.
- Coordinación da etapa de EP.
- Coordinación co DO: Atención a diversidade e asesoramento.

Plurilingüe

- Coordinación.
- Coordinación e dinamización dos espazos de arte.
- Proposta de actividade mensual de para a libre circulación.
- Organización do samaín.
- Proposta de integración lingüística para cada ciclo.

PFPP

- Procurar e coordinar a formación e xestionar programas.

PDI

- Coordinación da reunión de planificación inicial (as liñas de actuación definiranse en claustro).
- Coordinación a nivel de centro das tarefas comúns e dos tempos e etapas nos que se organice o proxecto.
- Análise das conmemoracións asociadas ao tema do proxecto.

Tamén coa finalidade de establecer unha organización de centro e unha coordinación efectiva, establécese a seguinte temporalización das distintas reunións. A maiores o profesorado establecerá unha hora de titoría no seu horario fóra das establecidas na seguinte táboa:

HORARIO	TIPO	ANOTACIÓNS
16:00-18:00	<ul style="list-style-type: none"> - ETAPA INFANTIL / CICLO - DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN - EQUIPOS DINAMIZACIÓN - PEDAGÓXICAS - CCP 	Os especialistas asistirán de xeito rotatorio ás reunións dos ciclos nos que impartan.
18:00-19:00	REUNIÓN DE CENTRO E CLAUSTROS	De asistencia obrigatoria para todo o profesorado do claustro.

Propostas de mellora

- Elaboración de Informe individualizado do alumnado.
- Comunicación da filosofía e metodoloxía educativa do centro para coas familias. Reunións coas familias por etapas, casualidades...
- Elaboración dun Informe de avaliación definido.
- Acadar unha coordinación vertical e horizontal a nivel de centro para traballar conxuntamente.
- Creación dunha Escola de familias.
- Coordinación da intervención na resolución de conflitos.
- Realización de melloras no espazo de cara a atención a diversidade (ascensores, baños sin xénero...).
- Establecer titorías conxuntas de familias separadas.

*“O verdadeiro heroísmo consiste en
transformar os desexos en
realidades e as ideas en feitos.”
Castelao*

Legislación educativa

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. [BOE 10-12-2013]
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación; [BOE 23-2-2021]
- Real Decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil. [BOE 2-2-2022]
- Real Decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria. [BOE 2-3-2022]
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. [DOG 9-9-2022]
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. [DOG 26-09-2022]
- Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa. [DOG 13-06-2023]
- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa. [DOG 13-06-2023]
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia. [DOG 20-5-2011]
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. [DOG 21-10-96]. *Corrección de erros DOGA 06-11-96 e DOGA 08-01-97)

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. [DOG 21-12-2011]
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. [DOG 26-11-2021]
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. [DOG 27-4-1998]
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. [DOG 31-7-1998]
- Protocolos educativos publicados en educonvives.gal
- Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. [DOG 15-07-2011]
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. [DOG 15-07-2011]
- Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia. [BOE 5/6/2021]

Bibliografía

Acosta, Y. y Alsina, Á. (2015). Acciones matemáticas en la escuela infantil en un marco de reflexión y transformaciones docente. *Edma 0-6: Educación Matemática en la Infancia*, 4 (2), 1-21.

Alsina, Á. (2015). Decálogo “Compartir la educación matemática con las familias”. *Aula Infantil*. (79), 24.

Alsina, Á y Esteve, O. (2010). Algunas respuestas para evolucionar en el oficio de enseñar. En O. Esteve, K. Melief y Á. Alsina (Eds.), *Creando mi profesión. Una propuesta para el desarrollo profesional del profesorado*. pp197-208. Barcelona: Octaedro.

Apple, M. W. (1982/1997). *Educación y poder*. Barcelona: Paidós.

Barker JE, Semenov AD, Michaelson L, Provan LS, Snyder HR, Munakata Y. Less-structured time in children's daily lives predicts self-directed executive functioning. *Front Psychol*. 2014 Jun 17;5:593.

Bourdieu, P., y Passeron, J. (1970/1981). *La reproducción: Elementos para una teoría del sistema de enseñanza*. Barcelona: Laia.

Calatayud Salom, M. A. (2000). La supremacía del examen, la evaluación como examen: Su uso y abuso, aún, en la educación primaria.

Calatayud Salom, M. A. (2021). Evaluación Docente y Mejora Profesional. Descubrir el Encanto de su Complicidad. *Revista Iberoamericana De Evaluación Educativa*, 14(1), 87–100.

Canals, M. (2006). *Los problemas en la escuela infantil y primaria*. Barcelona: Octaedro.

Convención sobre los derechos del niño. 1a. ed., 1a. reimp. Nueva York, Naciones Unidas, 1991.

Costa Rico, A. (2009). *A construcción do coñecemento pedagógico. Antecedentes e desenvolvementos no século XX*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Fernández Liria, C., García Fernández, O., & Galindo Ferrández, E. (2017). *Escuela o barbarie: entre el neoliberalismo salvaje y el delirio de la izquierda*. Ediciones Akal.

Ferreiro, E. & Teberosky, A. (1979). *Los sistemas de escritura en el desarrollo del niño*. México: Siglo XXI Editores.

- Fletcher, H.K. and Gallichan, D.J. (2016). An Overview of Attachment Theory. In *Attachment in Intellectual and Developmental Disability* (eds H.K. Fletcher, A. Flood and D.J. Hare).
- Foucault, M. (1975/1992). *Vigilar y castigar: Nacimiento de la prisión*. Madrid: Siglo XXI.
- Freinet, C. (1969). *Técnicas Freinet de la escuela moderna*. Ed. XXI siglo veintiuno editores, S.A.
- Freire, P. (1973). *La educación como práctica de la libertad, siglo XXI*. Buenos Aires.
- Freire, P. (1997). *Pedagogía de la autonomía: saberes necesarios para la práctica educativa*. Siglo XXI.
- Gandini, L. (1993). Fundamentals of the Reggio Emilia Approach to Early Childhood Education. *Young Children*, 49(1), 4–8. <http://www.jstor.org/stable/42725533>
- González, Ascensión. (2010). La mediación artística: un modelo de educación artística para la intervención social a través del arte. *Revista Iberoamericana de Educación*, ISSN 1681-5653, Vol. 52, No. 2, 2010. 52. 10.35362/rie5221797.
- Holmes, A.B. (2013). Effects of manipulative use on PK-12 mathematics achievement: A meta-analysis. *Society for Research on Educational Effectiveness*, 1-18.
- Holt, J. (1974). *Cómo aprenden los niños pequeños y los escolares*. Buenos Aires: Editorial Paidós.
- Hooks, b.. (2021). *Enseñar a transgredir. La educación como práctica de la libertad*. Madrid, Capitán Swing.
- Hooks, b. (2000). *Feminism is for Everybody. Passionate Politics*. Boston: South End.
- Hooks, b. (2022) *Enseñar pensamiento crítico*. Barcelona: Rayo Verde.
- L'Ecuyer, C. (2013). *Educación en el asombro*. Plataforma.
- L'Ecuyer, C. (2014). The wonder approach to learning. *Frontiers in human neuroscience*, 8, 764.
- L'Ecuyer, C. Javier, B., & Francisco, G. (2020). Four pillars of the Montessori method and their support by current neuroscience. *Mind, Brain, and Education*, 14(4), 322-334.
- Lewin, K., Field theory and learning. En D., Cartwright, (Ed.) *Field Theory in Social Science. Selected theoretical papers by Kurt Lewin*. Harper & Row, pp. 60 - 86, New York, 1951.

- Lillard, A. S. (2017). Montessori: The science behind the genius. Oxford University Press.
- Lillard, A., & Else-Quest, N. (2006). Evaluating Montessori education. *Science*, 313(5795), 1893–1894.
- Kamii, C. (1970). A framework for a preschool curriculum based on some Piagetian concepts. In I. Athey and D. Rubadeau (Eds). *Educational implications of Piaget's theory*. Waltham, Massachusetts: Xerox College Publishers.
- Marshall, C. (2017). Montessori education: a review of the evidence base. *npj Science Learn* 2, 11.
- Meke, K & Jailani, Jailani & Wutsqa, D & Alfi, David. (2019). Problem based learning using manipulative materials to improve student interest of mathematics learning. *Journal of Physics: Conference Series*.
- Mora Teruel, F. (2014). *Neuroeducación*.
- NCTM, National Council of Teachers of Mathematics. (2017). *Taking action: Implementing effective mathematics teaching practices*. Reston, VA.
- National Council of Teachers of Mathematics (2000). *Principles and standards for school mathematics*. Reston: The National Council of Teachers of Mathematics (Trad. Castellana, Principios y estándares para la educación matemática. Sevilla: Sociedad Andaluza de Educación Matemática Thales, 2003)
- Nemirovsky, M. (1999). *Sobre la enseñanza del lenguaje escrito: y temas aledaños*. Ciudad de México: Paidós.
- ONU: Comité de los Derechos del Niño (CRC), *Observación general N° 17 (2013) sobre el derecho del niño al descanso, el esparcimiento, el juego, las actividades recreativas, la vida cultural y las artes (artículo 31)*, 17 Abril 2013, CRC/C/GC/17, disponible en esta dirección: <https://www.refworld.org/es/docid/51ef9bf14.html> [Accesado el 26 Mayo 2023]
- Ojose, Bobby & Sexton, Lindsey. (2009). The Effect of Manipulative Materials on Mathematics Achievement of First Grade Students. *The Mathematics Educator*. 12.
- Perrenoud, P. H. (1990): *La construcción del éxito y del fracaso escolar*. Madrid. Paideia-Morata.
- Pikler, E. (2000). *Moverse en libertad. Desarrollo de la psicomotricidad global*. Madrid: Narcea.

Piquín Cancio, R. (2012). *Proyectos Documentales Integrados*. Gobierno de Navarra. Departamento de Educación.

Rodríguez, H. F. (2020). *Patios vivos para renaturalizar la escuela*. Ediciones Octaedro.

Rogers, Carl (1994). *El proceso de convertirse en persona*. Barcelona: Paidós.

Roth, Eric. (2000). *Psicología ambiental: interfase entre conducta y naturaleza*. *Revista Ciencia y Cultura*, (8), 63-78. Siegel, D. J., & Payne, T. F. (2012). *El cerebro del niño*. Alba.

Siegel, D. J., & Bryson, T. P. (2015). *Disciplina sin lágrimas: Una guía imprescindible para orientar y alimentar el desarrollo mental de tu hijo*. Vergara.

St Clair-Thompson, H. L., and Gathercole, S. E. (2006). *Executive functions and achievements in school: shifting, updating, inhibition, and working memory*. *Q. J. Exp. Psychol.* 59, 745–759.

Stern, A. (2017) *Jugar. Litera*.

Titz, C., Karbach, J. *Working memory and executive functions: effects of training on academic achievement*. *Psychological Research* 78, 852–868 (2014).

United Nations Educational, Scientific and Cultural Organization. (2011). *UNESCO ICT competency framework for teachers*.

Urraco-Solanilla, M. y Nogales-Bermejo, G. (2013). *Michel Foucault: El funcionamiento de la institución escolar propio de la modernidad*. *Anduli*, 12, 153-167.

Vygotsky, L. S. (1967). *Play and its role in the mental development of the child*. *Soviet Psychology*. 7, 6–18. Wild, R. (1999). *Educación para ser. Vivencias de una escuela activa*. Barcelona: Herder.

Wild, R. (2003). *Calidad de vida. Educación y respeto para el crecimiento interior de niños y adolescentes*. Barcelona: Herder 2003.

Wild, R. & Wild, M. (1996). *Educación para ser. Una respuesta frente a la crisis*. Fundación Educativa Pestalozzi: Quito. Wild,

Wild, R.(2006). *Libertad y límites, amor y respeto. Lo que los niños necesitan de nosotros*. Barcelona: Herder 2006.

Wild, R. (2007). *Aprender a convivir con niños. Ser para educar*. Barcelona: Herder 2007.

Wild, R. (2009). La vida en una escuela no-directiva. Diálogos entre jóvenes y adultos. Barcelona: Herder 2009.

Wild, R. (2011). Etapas de desarrollo. Barcelona: Herder 2011.

Williams-Sieghfredsen, Jane. (2013). Understanding the Danish Forest School Approach: Early Years Education in Practice.

Willis, P. E. (1977/1988). Aprendiendo a trabajar: Cómo los chicos de la clase obrera consiguen trabajos de clase obrera. Madrid: Akal